



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ORDINARIA do 22 de AGOSTO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día vinte e dous de agosto de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria Administración Municipal (Resolución de 01/08/2025), Sra. Saborido Díaz, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(638).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 14 de agosto de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(639).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DA COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO “PISTA VERMELLA” DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS. EXPTE. 2235/441.

Visto o informe de fiscalización do 19/08/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de contratación de data 14/08/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de substitución do material de cobertura da cuberta do pavillón polideportivo “pista vermella” do Complexo Polideportivo das Travesas (2235-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de substitución do material de cobertura da cuberta do pavillón polideportivo “pista vermella” do Complexo Polideportivo das Travesas (2235-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de marzo de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO “PISTA VERMELLA” DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO , redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 24.02.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS CINCUENTA MIL SETECENTOS DOCE EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (250.712,30 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 43.512,05 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2025, na partida orzamentaria 3420.632.0002 (SUBSTITUCIÓN CUBERTA PISTA VERMELLA) - proxecto de gasto 25342002, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	250.712,30 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 31 de xullo de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da non admisión de PADINSA SALNÉS, SL, acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 5 de maio de 2025 por non ter presentado correctamente a documentación acreditativa dos requisitos previos.

Segundo.- Excluir deste procedemento a PROSEMA NOROESTE, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento o 24 de xullo de 2025.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de substitución do material de cobertura da cuberta do pavillón polideportivo “pista vermella” do Complexo Polideportivo das Travesas (2.235-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL	95,30
2	ORECO BALGÓN, SA	93,94
3	DEMAIN OBRAS Y SERVICIOS, SL	93,75
4	JUSTO ROMÁN, SL	92,95
5	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL	92,41
6	IMPERVELPER, SL	91,21
7	CIES OBRA CIVIL, SL	90,53

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Lembrar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL, o día 1 de agosto de 2025, que presenta a documentación requirida o 6 de agosto de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figuran a constitución da mercantil e o nomeamento do seu representante, así como, no segundo, os certificados positivos de débedas da AEAT, ATRIGA e TXSS.
- A escritura de constitución da licitadora na que figuran os estatutos co obxecto social e o nomeamento do seu administrador xunto co seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo C - Subgrupo 4 - Categoría 2) presentan certificado da clasificación Grupo C - Subgrupo 4 - Categoría 3.
- Aval por un importe de 8.975,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 14 de agosto de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 24 de xuño e 24 de xullo de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón da non admisión de PADINSA SALNÉS, SL, acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 5 de maio de 2025 por non ter presentado correctamente a documentación acreditativa dos requisitos previos.

Segundo.-Tomar razón da exclusión de PROSEMA NOROESTE, SL, acordada pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 31 de xullo de 2025, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento o 24 de xullo de 2025.

Terceiro.- Adxudicar a OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL o procedemento aberto para a contratación das obras de substitución do material de cobertura da cuberta do pavillón polideportivo “pista vermella” do Complexo Polideportivo das Travesas (2235-441) por un prezo total do contrato de 217.195,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 37.695,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(640).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO TIPO “C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN NA BIBLIOTECA PÚBLICA “JUAN COMPAÑEL”. EXPTE. 16364/331.

Visto o informe xurídico do 07/08/2025 e o informe de fiscalización do 19/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/07/2025, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), asinada con data 6 de xuño de 2025.
- Memoria económica asinada con data 17 de xullo de 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, e conformada polo concelleiro-delegado de Cultura con data 18 de xullo de 2025.
- Certificados de retención de crédito de data 20 de xuño de 2025 (operacións RCFUT 12025000081993).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas asinada con data 18 de xullo de 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) asinado con data 17 de xullo de 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa asinada con data 17 de xullo de 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, e conformada polo concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, con data 18 de xullo de 2025.
- Informe sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado con data 18 de xullo de 2025 pola técnica de Admon Xeral e con data 21 de xullo pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado con data 18 de xullo de 2025 pola técnica de Admon Xeral e con data 21 de xullo pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Area, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de

Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade asinou con data 6 de xuño de 2025 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación, por procedemento aberto simplificado abreviado, da subministración de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción na Biblioteca Pública “Juan Compañel” (R/ Joaquín Yáñez, 6, Vigo).

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP, consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP) asinado polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de Admon Xeral e maila xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).
- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de subministros segundo o establecido no artigo 16 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria. A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 12 de xuño de 2025. Trátase dun expediente de gasto anticipado.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar a contratación, por procedemento aberto simplificado abreviado, da subministración de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción na Biblioteca Pública “Juan Compañel” (R/ Joaquín Yáñez, 6, Vigo).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, asinado con data 17 de xullo de 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, asinado con data 18 de xullo de 2025 pola técnica de Admon Xeral e con data 21 de xullo pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **13.203,68 € IVE engadido**, sendo o IVE de 2.291,55 €, con cargo á aplicación presupostaria 3321.221.03.00 “Combustibles” do orzamento municipal, coas seguintes anualidades:

Ano 2026 (1 de xaneiro ao 31 de decembro): 6.601,84 €

Ano 2027 (1 de xaneiro ao 31 de decembro): 6.601,84 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(641).- PAGO DAS DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, NO PERÍODO XANEIRO A XULLO DE 2025. EXPTE. 99201/332.

Visto o informe de fiscalización do 04/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/07/2025, asinado polo técnico do servizo de Educación, e conformado pola xefa do servizo de Educación, a concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOMLOE publicada no BOE Nº 340 do 30/12/2020), preténdese no seo dos Consellos Escolares promover unha mellora da capacidade da participación efectiva e eficaz da Comunidade Educativa e recóllese no seu artigo 127.i) que unha das competencias do Consello Escolar do centro pasa a

ser a seguinte: “Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e sostenibilidade ...”. Igualmente os Concellos deben asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente, recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación, e segundo o artigo 25.2.n) da Lei 7/1985 LRBRL teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación ...”

Por outra banda, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/décembro/2013) que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que compoñen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 20 de decembro de 2024, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2025 (Expte 98552/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano Colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos B (Subgrupo A2) e C (Subgrupo C1); e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos D (Subgrupo C2) e E; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que: “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 09 de xaneiro ate o 17 de xullo dos correntes, elévanse á cantidade de 257 consellos escolares.

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, no periodo xaneiro a xullo de 2025, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

PROPOSTA:

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **10.052,10.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no periodo xaneiro a xullo de 2025, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares e bolsa de vinculación**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: ***0480**, GRUPO A2 (14/01/2025 - 30/06/2025)	35 X 39,78.-€	1.392,3.-€
Zona 2.- VÍCTOR MARTÍNEZ OYA, NIF: ***8479**, GRUPO C1 (16/01/2025 - 30/06/2025)	27 X 39,78.-€	1.074,06.-€
Zona 3.- VANESA RODRÍGUEZ PÉREZ, NIF: ***2479**, GRUPO C1 (21/01/2025 – 17/07/2025)	14 X 39,78.-€.-€	556,92.-€
Zona 4.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: ***5864**, GRUPO C1 (09/01/2025 - 30/06/2025)	21 X 39,78.-€.-€	835,38.-€

Zona 5.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: ***9165**, GRUPO C1
(21/01/2025 - 30/06/2025) 16 X 39,78.-€..... 636,48.-€

Zona 6.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: ***6707**, GRUPO C1
(28/01/2025 - 30/06/2025) 23 X 39,78.-€ 914,94.-€

Zona 7.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: ***9755**, GRUPO A2
(27/01/2025 - 29/05/2025) 6 X 39,78.-€ 238,68.-€

Zona 8.- ESTELA ROSENDE VILLAR, NIF: ***6911**, GRUPO A2
(28/01/2025 - 30/06/2025) 12 X 39,78.-€ 477,36.-€

Zona 9.- IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA, NIF: ***3259**, GRUPO C2
(21/01/2025 - 30/06/2025) 11 X 36,72.-€ 403,92.-€

Zona 10.- JOSÉ ANTONIO FRANCO REZA, NIF: ***9778**, GRUPO C2
(28/01/2025 - 27/06/2025) 20 X 36,72.-€ 734,4.-€

Zona 11.- NURIA MÉNDEZ LEMA, NIF: ***1656**, GRUPO C1
(15/01/2025 - 30/06/2025) 22 X 39,78.-€ 875,16.-€

Zona 12.- FERNANDO GONZÁLEZ NÚÑEZ, NIF: ***5678**, GRUPO C2
(22/01/2025 - 07/07/2025) 25 X 36,72.-€ 918,00.-€

Zona 13.- ANTÍA MOSQUERA GONZÁLEZ, NIF: ***5912**, GRUPO C1
(28/01/2025 - 30/07/2025) 13 X 39,78.-€..... 517,14.-€

Zona 14.- BEGOÑA CABALEIRO VILLANUEVA, NIF: ***2375**, GRUPO C1
(28/01/2025 - 16/07/2025) 12 X 39,78.-€ 477,36.-€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(642).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO ANO 2025. EXPTE. 2010/504.

Dáse conta da Resolución de data 13/08/2025, asinado polo concelleiro da Área de Goberno e a Secretaria de Administración Municipal (Res. 01/08/2025), que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 19 e 20 de xuño de 2023 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 12 de agosto de 2025,

RESOLVO:

1.- APROBAR O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS do Municipio de Vigo para o ano 2025 por importe total **14.374.504,89€** dos que **12.988.437,34€** corresponden á cota municipal e **1.386.067,55€** ao recargo provincial, que contén **4.574 inscricións**, segundo relación que comeza por "BUREAU VERITAS INSP. Y TESTING SLU" e remata por "ZONDA SLL".

2.- Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2. da Ordenanza fiscal xeral.

3.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada unha das persoas xurídicas contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente reclamación ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pago.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(643).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA, BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS E BENS DE NATUREZA RÚSTICA DO ANO 2025. EXPTE. 73205/512.

Dáse conta da Resolución de data 13/08/2025, asinado polo concelleiro da Área de Goberno e a Secretaria de Administración Municipal (Res. 01/08/2025), que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolucións de Delegación de Alcaldía de datas 19 e 20 de xuño de 2023 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral).

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos, de data 13 de agosto de 2025.

RESOLVO:

1. **APROBAR** O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO ANO 2025 por importe de **78.741.373,87 €** que consta de 212.567 inscricións de **BENS DE NATUREZA URBANA** por importe de **75.425.959,39 €** segundo relación que comeza por -ALONSO COSTAS ENRIQUE e remata por ZUÑIGA VILLAR JOSE ANTONIO, de 823 inscricións de **BENS DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS** por importe de **3.301.867,05€** segundo relación que comeza por A PEREZ Y CIA SL e remata por XUNTA DE GALICIA" e de 830 inscricións de **BENS DE NATUREZA RÚSTICA** por importe de **13.547,43 €** segundo relación que comenza por -VILA SERODIO JOSE e remata por ZUNZUNEGUI PEREZ PEDRO JAVIER.

2. **Dar conta á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral.

3. **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente reclamación ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(644).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. EXPTE. 3292/500.

Visto o acordo favorable do Tribunal Económico Administrativo do 07/08/2025 e o informe de fiscalización do 11/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/07/2025, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1. MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración municipal



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

- Real Decreto 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario
- Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno (artigos 7.c e d)

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 30 de setembro do 2024 aprobouse a última actualización de tipos impositivos na Ordenanza Fiscal nº 2 reguladora do IBI.

Segundo.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio do presente expediente de modificación en data 28 de xullo de 2025.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio orzamentario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, o que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos e tamén dos gastos. Só deste xeito manterase a solvencia das contas públicas municipais, dando cumprimento ao marco xurídico orzamentario derivado das normas que integran o “bloque de constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, LOEOSF e TRLRFL.

A falta de actualización de tipos impositivos e tarifas das taxas para 2026 incidiría directamente no obrigado equilibrio primario do orzamento municipal. Neste senso, a evolución dos indicadores económicos relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas e, en concreto, os fortes incrementos do IPC nos últimos exercicios abocarían, de non proceder a unha actualización dos tributos municipais, a unha non cobertura para o ano 2026 dos gastos correntes polos ingresos correntes.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, induce a presente proposta de modificación da presente ordenanza fiscal.

b) Nos expedientes de modificación de ordenanzas para 2025 tomáronse como referencia a variación de indicadores entre novembro 2020 a xuño 2024, sendo a variación do IPC un 19,20%, fronte a unha actualización de tipos impositivos e taxas do 8,16% (4% para 2024 e 4% para 2025).

No presente expediente, constan como anexo datos oficiais sobre magnitudes relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas, dende o período novembro de 2020 ata os últimos datos coñecidos na data de redacción deste informe, xuño 2025. A data de partida da comparación é novembro de 2020 por tratarse do mes no que os/as contribuíntes ingresan a maior parte dos tributos municipais.

A variación do IPC entre novembro de 2020 ata xuño de 2025 alcanzou o **22,00%**. Durante este período o Concello de Vigo só aprobou por acordos plenarios do 23.09.2023 e de 30.09.2024 unha actualización do 8,16% (4% e 4%). Dito doutro modo, a redución en termos reais dos tipos impositivos foi dun 11,34%, o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios para facer fronte ao gasto público municipal pode contificarse nesa mesma porcentaxe do 11,34%.

Os indicadores relevantes para a avaliación dos ingresos dos/as contribuíntes, entre os anos 2020 e 2025, evolucionaron de modo similar ao IPC, experimentando incrementos superiores aos dous díxitos. Así, a subida do salario mínimo alcanzou o 23,00%; o índice de revalorización das pensións, o 19,70%; o IPREM, o 11,60%; e os salarios pactados en convenio, o 15,40%. O incremento medio destes indicadores alcanzou o **18,34%** no período.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización dos tipos impositivos que se formula no presente expediente, pero constitúen unha referencia económica importante que amosa as dificultades para cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio de 2026.

A actualización dos tipos impositivos nun 4% contida no presente expediente, unida ás xa aprobadas do 4% para 2024 e 2025, totalizaría unha actualización do 12,49% entre 2020 e 2025, porcentaxe aínda moi inferior á media dos indicadores económicos citados (18,34%). Se a comparamos coa variación do IPC (22,00%), a redución en termos reais dos tipos impositivos aínda é do 7,80% o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios para facer fronte ao gasto público municipal de 2026 pode contificarse nesa mesma porcentaxe do 7,80%.

c) Dende a perspectiva legal, o TRLRFL fixa no seu artigo 72 os límites máximos e mínimos nos que deben moverse os tipos de gravame deste imposto. A súa aplicación ao noso Concello determina un tipo máximo do 0,90% nos inmobles de natureza rústica, un 1,23% nos inmobles de natureza urbana e un 1,3% nos inmobles de características especiais.

A proposta que se formula implica unha actualización nos tipos vixentes dende 1 de xaneiro de 2025 para inmobles de natureza rústica, urbana e BICES nun 4%.

Respecto dos tipos impositivos diferenciados para inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, que superen atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións unha determinada contía de valor catastral, a porcentaxe de actualización será tamén do 4%.

d) Prevese que o conxunto dos beneficios fiscais, de aplicación neste imposto, recollidos nos artigos 62, 73 e 74 do TRLRFL e outra lexislación sectorial acadará no exercicio 2026 a cifra de 5.385.127€.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida do Imposto de Bens Inmobles de Natureza Urbana



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

así como na partida do Imposto de Bens Inmóbles de Características Especiais do próximo exercicio 2026:

Segundo os datos extraídos do presente orzamento do 2025, no exercicio 2025 a previsión orzamentaria é de 74.714.080€, polo que o impacto orzamentario da actualización do 4% sería de 2.988.563,20€. O impacto da actualización do 4% sobre os ingresos estimados en 2025 polo imposto dos BICES (3.089.000€) sería de 123.560€.

Segundo o anterior o impacto orzamentario para 2026 da presente modificación acadaría o importe de 2.988.563,20€ no concepto 11300 do presuposto de ingresos e 123.560€ no concepto 11400.

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesariedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

“(…) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informes do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020 e 30 de agosto de 2024, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de le-

galidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES:**

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA.

2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 1,023%.
3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,761%.
4. O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 1,023%



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

5. Establecese como “tipo diferenciado” na contía do 1,044% para os bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, que superen, atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para valoración das construcións, o valor catastral que, para cada un dos usos, se recolle no seguinte cadro:

USO	V.CATASTRAL	TIPO
Industrial	igual ou superior a 125.000€	1,044
Comercial	igual ou superior a 125.000€	1,044
Ocio e hostalería	igual ou superior a 175.000€	1,044
Oficinas	igual ou superior a 125.000€	1,044
Deportivo	igual ou superior a 450.000€	1,044
Espectáculos	igual ou superior a 175.000€	1,044
Edificio singular	igual ou superior a 450.000€	1,044

DISPOSICIÓNS FINAIS.

2. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte

ACORDO

1º) Aprobar provisionalmente a “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES”

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA.

2. O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 1,023%.
3. O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,761%.
d) PISTAS DE SQUASH.

	€/hora
- Categoría especial e 1ª categoría.....	6,90
- 2ª Categoría.....	5,05

e) PISCINAS CUBERTAS.

	prezo por rúa €/hora
- Categoría especial e 1ª categoría.....	6,90
- 2ª Categoría 	5,05

ARTIGO 11.- PREZOS PÚBLICOS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

1. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS.

1.1 Persoa adulta.....	3,70 €
1.2 Menores.....	2,60 €
1.3 Tarifa reducida.....	2,60 €

2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

2.1 Persoa adulta.....	33,85 €
2.2 Menores.....	22,90 €

2.3 Tarifa reducida 22,90 €

3. TENIS E FRONTÓN E PÁDEL.

3.1.- Instalacións Cubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores/as.....	5,40 €.....	48,95 €
b) 4 Xogadores/as	6,45 €.....	57,50 €

3.2.- Instalacións descubertas

	1 hora	Bono 10 usos
a) 2 Xogadores/as.....	3,70 €.....	33,35 €
b) 4 Xogadores/as.....	5,40 €.....	48,95 €

3.3. Suplemento de Luz para Tenis, frontón e pádel:

	€/hora
Instalacións cubertas.....	2,55
Instalacións descubertas.....	1,65

4.-XIMNASIOS.

4.1. Mensualidade por actividade/clases dúas sesións á semana.

4.1.1. Tarifa ordinaria.....	18,95 €
4.1.2. Tarifa reducida.....	9,45 €

4.2. Mensualidade por actividade/clases tres sesións á semana

4.2.1. Tarifa ordinaria.....	23,85 €
4.2.2. Tarifa reducida	11,90 €

4.3.- Cotas de abonados/as aos Ximnasios. (uso libre).

4.3.1 Persoas adultas (individual)

	Anual	Mensual
Persoas non empadroadas.....	178,85 €.....	14,90 €
Persoas empadroadas.....	149,10 €.....	12,40 €

4.3.2 Menores (individual)

	Anual	Mensual
Persoas non empadroadas.....	109,45 €.....	9,10 €
Persoas empadroadas.....	79,40 €.....	6,65 €

4.3.3 Tarifa reducida (individual)

	Anual	Mensual
Persoas non empadroadas.....	109,45 €.....	9,10 €
Persoas empadroadas.....	79,40 €.....	6,65 €

4.3.4 Familiar

	Anual	Mensual
Persoas non empadroadas.....	258,40 €.....	21,55 €
Persoas empadroadas.....	219,20 €.....	18,30 €

5.- SQUASH:

	1 reserva	Abono 10 usos/reservas
Reserva uso pista 2 xogadores/as (45 minutos).....	5,05€.....	45,15 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

6.- CAMPOS DE FÚTBOL E PAVILLÓNS (actividades federadas ou non federadas, uso recreativo, tempo libre e ocio)

	Pista enteira €/hora	Pista compartida €/hora
- 1ª Categoría.....	34,00	17,00
- 2ª Categoría.....	17,00	9,20

O prezo do aluguer das salas equipararase ao das pistas compartidas na categoría que corresponda.

7.- ABONADO/A PISCINA:

7.1.-Abono Piscina (individual)

	Non Empadroadado/a	Empadroadado/a
- Cota Mensual.....	17,75€	13,25 €
- Cota Anual.....	194,45€	145,85 €

7.2.-Abono Piscina (individual reducido)

	Non Empadroadado/a	Empadroadado/a
- Tarifa reducida Cota Mensual.....	11,75 €	8,85 €
- Tarifa reducida Cota Anual.....	129,60€	97,20 €

ARTIGO 12.- PREZOS PÚBLICOS EN PROGRAMAS DE ENSEÑANZA E PROMOCIÓN DEPORTIVA.

1. PROGRAMAS CON PROFESOR/A (CURSOS NATACIÓN)

1.1. Persoas adultas/mes.....	38,95 €
1.2. Menores/mes.....	24,85 €

2. PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN"

	€/alumnado/mes
2.1. Grupos colexios.....	8,70 €
2.2. Outros programas.....	4,80 € (*)

(*) No caso de actividade física e natación da 3ª idade, cota reducida de 7,70€.

3. PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS:

Actividades xerais:..... 49,75 €/alumno-a/curso

Actividades. medio acuático e escalada
(un só prazo):

..... 128,25€ /alumno-a/curso
..... (16,03 € x 8 meses)

ARTIGO 13.- PREZOS PÚBLICOS POR OUTROS CONCEPTOS E USOS:

1. CENTROS DE ENSINO, CURSOS DE FORMACIÓN PARA FEDERACIÓN E SIMILARES.

Instalacións deportivas.....	10,05 €/hora
Piscinas cubertas.....	101,35 €/hora

2. ENTIDADES PRIVADAS.

Instalacións deportivas

- Por Pavillón ou campo de fútbol.....	34,75 €/hora
- Por Sala.....	19,85 €/hora

Piscinas cubertas (enteira)..... 235,65 €/hora

Piscina cuberta (por rúa)..... 40,05 €/hora

3. RENOVACIÓN DO CARNÉ

Renovación do carné.....2,40 €

4. SALAS DE REUNIÓN:

Sala de reunións:2,95 €/hora

DISPOSICIÓN FINAIS.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a información pública e audiencia ás persoas interesadas por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

4º) Facultar á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(648).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA E DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS. EXPTE. 3296/500.

Visto o informe de fiscalización do 11/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/07/2025, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1. MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, Lei 39/2015)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno (artigos 7.c e d)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade do goberno local.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 30 de setembro do 2024 aprobouse a última actualización das tarifas da presente Ordenanza.

Segundo.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 28 de xullo de 2025.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

a) A obrigada posición de equilibrio orzamentario implica unha indisociable conexión entre ingreso

e gasto, o que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos e tamén dos gastos. Só deste xeito manterase a solvencia das contas públicas municipais, dando cumprimento ao marco xurídico orzamentario derivado das normas que integran o “bloque de constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, LOEOSF e TRLRFL.

A falta de actualización de tipos impositivos e tarifas das taxas para 2026 incidiría directamente no obrigado equilibrio primario do orzamento municipal. Neste senso, a evolución dos indicadores económicos relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas e, en concreto, os fortes incrementos do IPC nos últimos exercicios abocarían, de non proceder a unha actualización dos tributos municipais, a unha non cobertura para o ano 2026 dos gastos correntes polos ingresos correntes.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, induce a presente proposta de modificación da presente ordenanza fiscal.

b) Nos expedientes de modificación de ordenanzas para 2025 tomáronse como referencia a variación de indicadores entre novembro 2020 a xuño 2024, sendo a variación do IPC un 19,20%, fronte a unha actualización de tipos impositivos e taxas do 8,16% (4% para 2024 e 4% para 2025).

No presente expediente, constan como anexo datos oficiais sobre magnitudes relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas, dende o período novembro de 2020 ata os últimos datos coñecidos na data de redacción deste informe, xuño 2025. A data de partida da comparación é novembro de 2020 por tratarse do mes no que os/as contribuíntes ingresan a maior parte dos tributos municipais.

A variación do IPC entre novembro de 2020 ata xuño de 2025 alcanzou o **22,00%**. Durante este período o Concello de Vigo só aprobou por acordos plenarios do 23.09.2023 e de 30.09.2024 unha actualización do 8,16% (4% e 4%). Dito doutro modo, a redución en termos reais dos tipos impositivos foi dun 11,34%, o que implica que o deterioro da capacidade dos

ingresos tributarios para facer fronte ao gasto público municipal pode contificarse nesa mesma porcentaxe do 11,34%.

Os indicadores relevantes para a avaliación dos ingresos dos/as contribuíntes, entre os anos 2020 e 2025, evolucionaron de modo similar ao IPC, experimentando incrementos superiores aos dous díxitos. Así, a subida do salario mínimo alcanzou o 23,00%; o índice de revalorización das pensións, o 19,70%; o IPREM, o 11,60%; e os salarios pactados en convenio, o 15,40%. O incremento medio destes indicadores alcanzou o **18,34%** no período.

Ningún dos indicadores anteriores determina, de modo automático, a contía da actualización dos tipos impositivos que se formula no presente expediente, pero constitúen unha referencia económica importante que amosa as dificultades para cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria no vindeiro exercicio de 2026.

A actualización dos tipos impositivos nun 4% contida no presente expediente, unida ás xa aprobadas do 4% para 2024 e 2025, totalizaría unha actualización do 12,49% entre 2020 e 2025, porcentaxe aínda moi inferior á media dos indicadores económicos citados (18,34%). Se a comparamos coa variación do IPC (22,00%), a redución en termos reais dos tipos impositivos aínda é do 7,80% o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios para facer fronte ao gasto público municipal de 2026 pode contificarse nesa mesma porcentaxe do 7,80%.

c) A proposta contida no presente expediente consiste en actualizar nun 4% as tarifas contidas no artigo 5 da Ordenanza.

Segundo o informe económico que obra no expediente, o custo previsto para 2026 ascende a 3.385.880,29 € sendo os ingresos previstos 973.440€, resultando unha cobertura do 28,75%.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria que a actualización prevista desta ordenanza supoñerá no concepto orzamentario 326.00: 37.440 €.

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

A presente actualización ten encaixe neste precepto por ausencia de impacto significativo na actividade económica e non imposición de obrigas relevantes a destinatarios/as, por canto a actualización afecta a dezaioito tarifas: en once delas, o incremento é de céntimos de euro, nunha delas o incremento é de dez con oitenta euros e nas seis restantes, o incremento non chega a dez euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme aos artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de **MODIFICACIÓN ORDENANZA Nº 61 DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS.**

ARTIGO 5. TARIFAS.

A)

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Inmovilización.....	83,25 €
Incremento diario por depósito e custodia	6,45 €

- Vehículos de mobilidade persoal (VMP), ciclos e bicicletas:

Inmovilización.....	20,00 €
Incremento diario por depósito e custodia	3,20 €

- Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados).

Inmovilización.....	157,45 €
Incremento diario por depósito e custodia	12,10 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Inmovilización.....	243,00 €
Incremento diario por depósito e custodia.....	24,80 €

B) Pola retirada, transporte e custodia nos restantes casos.

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas.....	83,25€
Incremento diario por depósito e custodia.....	6,45 €

- Vehículos de mobilidade persoal (VMP), ciclos e bicicletas:

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas.....20,00 €
Incremento diario por depósito e custodia3,20 €

- Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados).

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas.....157,45 €
Incremento diario por depósito e custodia.....12,10 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas.....243,00 €
Incremento diario por depósito e custodia.....24,80 €

- Contenedores

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas.....281,20 €
Incremento diario por depósito e custodia.....24,80 €

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Propoñer ao Pleno, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º) Aprobar inicialmente a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 61 DE PRESTACIÓN PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS.

ARTIGO 5. TARIFAS.

A)

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Inmovilización.....83,25 €
Incremento diario por depósito e custodia 6,45 €

- Vehículos de mobilidade persoal (VMP), ciclos e bicicletas:

Inmovilización.....20,00 €
Incremento diario por depósito e custodia3,20 €

- Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados).

Inmovilización.....157,45 €
Incremento diario por depósito e custodia12,10 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

Inmobilización.....	243,00 €
Incremento diario por depósito e custodia.....	24,80 €

B) Pola retirada, transporte e custodia nos restantes casos.

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas.....	83,25€
Incremento diario por depósito e custodia.....	6,45 €

- Vehículos de mobilidade persoal (VMP), ciclos e bicicletas:

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas.....	20,00 €
Incremento diario por depósito e custodia	3,20 €

- Turismos e similares, cuatriciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados).

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas.....	157,45 €
Incremento diario por depósito e custodia.....	12,10 €

- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas.....	243,00 €
Incremento diario por depósito e custodia.....	24,80 €

- Contenedores

Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas.....	281,20 €
Incremento diario por depósito e custodia.....	24,80 €

DISPOSICIÓN FINAIS.

2ª Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a información pública e audiencia ás persoas interesadas por prazo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello, Páxina Web e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva e publicarase o texto da adaptación no BOP para a súa entrada en vigor.

4º) Facultar á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(649).- PROPOSTA PARA A APERTURA DO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN E APROBACIÓN DA “ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS/AS”. EXPTE. 3302/500.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/08/2025, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Área de Fomento, Servizos e Deportes do Concello está a tramitar o expediente para a contratación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as no término municipal de Vigo (expediente 4537-449). A modalidade contractual proposta é a de contrato de servizos con prestacións directas a favor da cidadanía, regulada no artigo 312 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP).

II.- En data 4 de xullo do 2025, o Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, solicitou á Concellería de Área de Orzamentos e Facenda que se inicien os trámites para a aprobación da ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario na que se regulen as tarifas das distintas tipoloxías de billetes e títulos de transporte.

III.- O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 28 de xullo de 2025 acordou *“Aprobar o tipo contractual de contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía, como novo modo de xestión indirecta do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo”*.

IV.- Dando curso á solicitude do Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes, en data 13 de agosto de 2025 o Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio do presente expediente para a APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS/AS (63).

MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

- Constitución española
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de reguladora das bases de réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria
- Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- O artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúen a potestade regulamentaria aos municipios. Por outra banda, o artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPACAP) recoñece a potestade regulamentaria aos órganos de goberno locais.

No presente caso, o exercicio da potestade regulamentaria resulta procedente pola finalización do actual contrato de concesión para a prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros.

Segunda.- A natureza da contraprestación a satisfacer polas persoas usuarias do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as coa modalidade prevista para o novo contrato do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as no término municipal de Vigo, como contrato de servizos con prestacións directas en favor da cidadanía regulado no artigo 312 da LCSP, é a de prestación patrimonial de carácter público non tributario (como ten declarado a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, entre outros, no seu informe 53/18).

En consecuencia, resulta de aplicación o artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que dispoñen que:

“as contraprestacións económicas establecidas coactivamente que se perciban pola prestación dos servizos públicos a que se refire o apartado 4 deste artigo, realizada de forma directa mediante personificación privada ou mediante xestión indirecta, terán a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario conforme ao previsto no artigo 31.3 da Constitución.

En concreto, terán tal consideración aquelas esixidas pola explotación de obras ou a prestación de servizos, en réxime de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariais, sociedades de capital integramente público e demais fórmulas de Dereito privado.

Sen prexuízo do establecido no artigo 103 da Lei de Contratos do Sector Público, as contraprestacións económicas a que se refire este apartado se regularán *mediante ordenanza*. Durante o procedemento de aprobación de dita ordenanza as entidades locais solicitarán informe preceptivo daquelas Administracións Públicas ás que o ordenamento xurídico lles atribuíra algunha facultade de intervención sobre as mesmas”.

Terceira.- No procedemento de elaboración e aprobación da nova ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polo servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as resulta preceptivo o trámite de consulta pública previa, previsto no artigo 133.1 da LPACAP, que dispón que: *“Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, se sustanciará unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:*

- a) os problemas que se pretende solucionar coa iniciativa*
- b) a necesidade e oportunidade da súa aprobación*
- c) os obxectivos da norma*
- d) as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias”*

Cuarta.- De conformidade co disposto no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos, polo que formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Abrir o preceptivo trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas para a elaboración e aprobación da “Ordenanza das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as (63)”, a través de enderezo <https://consulta.vigo.org> durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran no Anexo I do presente acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a apertura do trámite na sede electrónica municipal.

Terceiro.- Dar publicidade ao presente acordo a través da intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia.

ANEXO I.- Consulta pública

Problemas que se pretenden solucionar coa norma	A finalización do actual contrato de prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as, que se articulou como concesión dende 1994, e a tramitación dun novo contrato administrativo para a prestación do devandito servizo fan que, tanto o réxime xurídico substantivo como o réxime financeiro do mesmo, teñan que adaptarse ao ordenamento vixente. Neste sentido, polo que se refire ás tarifas, a regulación estatal vixente establece que os servizos que se presten mediante xestión indirecta se financien a través dunha prestación patrimonial de carácter público non
---	--



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

	tributario. Así pois, procede a regulación, a través dunha ordenanza, das tarifas das distintas tipoloxías de billetes e títulos de transporte do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as no término municipal de Vigo. O expediente de licitación do novo contrato de prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as, baixo a modalidade de contrato de servizos con prestacións directas a favor da cidadanía, atópase actualmente en tramitación.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	A necesidade de aprobar unha Ordenanza municipal que regule os supostos, suxeitos obrigados/as ao pagamento e as contías a satisfacer como prestación patrimonial de carácter público non tributario deriva do disposto no artigo 20.6 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais e da propia tramitación dun novo contrato de servizos con prestacións directas a favor da cidadanía. Trátase, polo tanto, dun motivo de necesidade e non de oportunidade.
Obxectivos da norma	• Regular o réxime tarifario pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as, incluído o servizo de autobús turístico-cultural, no termo municipal de Vigo, de conformidade coa normativa de aplicación (artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais), así como os demais aspectos substantivos e procedimentais relativos a esta prestación patrimonial de carácter público non tributario. • Establecer as tarifas máis axeitadas para garantir a prestación dun servizo público colectivo urbano de viaxeiros/as de calidade e adaptado ás necesidades actuais, á vez que sostible financeiramente, tendo en conta o marco regulatorio orzamentario aplicable aos entes públicos. • Garantir o principio de seguridade xurídica, mediante o exercicio da potestade regulamentaria, acorde coas previsións do artigo 20.6 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	A ordenanza é o instrumento normativo pertinente para a regulación do sistema tarifario pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros/as, incluído o servizo de autobús turístico-cultural, no termo municipal de Vigo. Non se teñen identificado solucións alternativas, polo imperativo legal de regular as tarifas polo uso do servizo mediante ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, de acordo co previsto no ordenamento xurídico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(650).- PROPOSTA PARA A APERTURA DO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN E APROBACIÓN DA “ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO RECARGO MUNICIPAL SOBRE O IMPOSTO AUTONÓMICO ÁS ESTANCIAS TURÍSTICAS”. EXPTE. 3303/500.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/08/2025, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O 1 de xaneiro do 2025 entrou en vigor a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024), que creou o imposto galego sobre as estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, pero estableceu unha bonificación do 100% da cota tributaria (artigo 17), deixando en mans dos concellos galegos a decisión de establecer a contía a esixir ás persoas visitantes que realicen estancias turísticas, dentro dos topes que sinala o seu artigo 16, mediante un recargo sobre o imposto autonómico. Para o establecemento de tal recargo resulta necesaria a aprobación da correspondente ordenanza fiscal, como sinala o artigo 24 desta Lei.

II.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de imposición e aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora do recargo municipal sobre o imposto autonómico ás estancias turísticas (54) en data 12 de agosto de 2025.

MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

- Constitución española
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria
- Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
- Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- O Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), constitúe o marco regulador da exacción de tributos por parte das facendas locais. O artigo 2.1 do mesmo texto legal permite esixir recargos sobre os impostos das comunidades autónomas. Tamén o artigo 38.1 do TRLFL



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

contempla que as entidades locais poidan establecer recargos sobre os impostos propios da respectiva comunidade autónoma.

En Galicia, a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024) creou o imposto galego sobre as estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, imposto que ten finalidade extrafiscal e grava a especial capacidade económica das persoas físicas posta de manifesto pola súa estancia en calquera aloxamento turístico (establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, vivendas turísticas, vivendas de uso turístico, campamentos, establecementos de turismo rural e albergues turísticos) e polo fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico cando realicen escala nun porto ubicado na Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 12 da citada Lei).

Aínda que esta Lei creou este imposto, estableceu unha bonificación do 100% da cota tributaria (artigo 17), deixando en mans dos concellos galegos a decisión de establecer a contía a esixir ás persoas visitantes que realicen estancias turísticas, dentro dos topes que sinala o seu artigo 16.

Esta Lei 5/2024 establece no seu artigo 24 a previsión normativa que habilita aos concellos de Galicia, en execución da súa autonomía municipal, ao establecemento dun recargo municipal sobre as tarifas establecidas na mesma. Para o establecemento de tal recargo resulta necesaria a aprobación da correspondente ordenanza fiscal.

A crecente actividade turística na cidade exerce presión no custo da prestación dos servizos públicos municipais (vixilancia, seguridade, limpeza viaria, xestión de residuos...), o que implica mesmo a necesidade de reforzalos e de realizar investimentos adicionais. Faise necesario pois equilibrar e compatibilizar este auxe turístico e a actividade turística do municipio, orientada a un modelo de turismo responsable e sostible, coa garantía da sostenibilidade dos servizos públicos municipais.

Ante esta situación procede, por tanto, a obtención de fontes de financiamento que permitan o achegamento á facenda do Concello de Vigo de fondos adicionais aos que aporta a cidadanía viguesa residente e o seu investimento nun modelo de turismo sostible, responsable e de calidade.

O cumprimento do principio de xustiza tributaria que consagra o artigo 31 da Constitución (*“Todos contribuirán ao sostemento dos servizos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto”*) aconsella o reparto das cargas públicas de xeito equitativo e que contribúan ao seu sostemento as persoas visitantes que disfrutaran temporalmente dos servizos públicos municipais. Á vez, como sinala esta Lei 5/2024, estes fondos destinaranse como mínimo nun 80% a inversións e gastos vinculados á promoción, impulso, protección, fomento e desenvolvemento dun modelo de turismo sostible.

Segunda.- O artigo 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúen a potestade regulamentaria aos municipios. Por outra banda, o artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, LPACAP) recoñece a potestade regulamentaria aos órganos de goberno locais.

No presente caso, tratándose dun procedemento de elaboración e aprobación dunha ordenanza fiscal, resúltalle de aplicación o disposto nos artigos 15 e seguintes do TRLRFL, sen prexuízo de ter en conta a regulación específica contida na propia Lei 5/2024, do 27 de decembro de 2024, de medidas fiscais e administrativas, que esixe expresamente o trámite de consulta previa.

Terceira.- O artigo 24 da Lei 5/2024, do 27 de decembro de 2024, de medidas fiscais e administrativas, regula a potestade dos concellos de establecer un recargo municipal, como ingreso propio, sobre o imposto galego sobre as estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, dispoñendo no seu apartado 2 a seguinte previsión: *“No procedemento de elaboración deberá, en particular, garantirse a consulta, a participación e a audiencia das organizacións e asociacións representativas do sector turístico sobre os problemas que se pretenden solucionar coa norma, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos dela e as posibles solucións alternativas”*.

Debe considerarse pois a anterior previsión normativa e o disposto no artigo 133.1 da LPA-CAP no tocante á tramitación dos anteproxectos de lei ou regulamentos, que dispón que: *“Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, se sustanciará unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:*

- a) os problemas que se pretende solucionar coa iniciativa*
- b) a necesidade e oportunidade da súa aprobación*
- c) os obxectivos da norma*
- d) as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias”*

Cuarta.- De conformidade co disposto no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos, polo que formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Abrir o preceptivo trámite de consulta pública previsto no artigo 24.2 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas para a elaboración e aprobación da “Ordenanza fiscal reguladora do recargo municipal sobre o imposto autonómico ás estancias turísticas (54)” e no artigo 133 da Lei 39/2015, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org> durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren e, particularmente, as organizacións e asociacións representativas do sector turístico, poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran no Anexo I ao presente acordo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a apertura do trámite na sede electrónica municipal.

Terceiro.- Dar publicidade ao presente acordo a través da intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

ANEXO I.- Consulta pública

Problemas que se pretenden solucionar coa norma	O crecemento exponencial da chegada de turistas e visitantes a Vigo nos últimos anos ven exercendo unha crecente presión sobre os servizos públicos prestados polo Concello. Resulta necesario, polo tanto, compatibilizar a actividade turística cun desenvolvemento ordenado da cidade e coa garantía da sostibilidade dos servizos públicos municipais. A mellora e diversificación da actividade turística do municipio, orientada a un modelo de turismo responsable e sostible, require a obtención de fontes de financiamento adicionais ás que achega a cidadanía viguesa residente que permitan o investimento deses fondos públicos na promoción, impulso, protección, fomento e desenvolvemento dun modelo de turismo responsable e sostible.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	A Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31/12/2024) contén a regulación do imposto galego sobre as estancias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia, que grava a singular capacidade económica das persoas físicas visitantes posta de manifesto pola súa estancia en calquera aloxamento turístico (establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, vivendas turísticas, vivendas de uso turístico, campamentos, establecementos de turismo rural e albergues turísticos) e polo fondeo ou amarre de embarcacións de cruceiro turístico cando realicen escala nun porto ubicado na Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 12 da citada Lei). Esta Lei autonómica establece a previsión normativa que habilita aos concellos de Galicia para o establecemento da contía a percibir polas estancias turísticas na cidade polas persoas visitantes, dentro das marxes fixadas por dita Lei. Para isto, é necesaria a aprobación do instrumento normativo sometido a consulta, resultando oportuna a tramitación dunha ordenanza fiscal por permitir obter as fontes de financiamento necesarias para investir nun turismo responsable e sostible, de xeito coherente co principio de xustiza tributaria que aconsella repartir as cargas públicas de modo equitativo a visitantes que desfrutan temporalmente dos servizos públicos municipais.
Obxectivos da norma	• Desenvolver a normativa autonómica vixente para grabar os feitos impositivos previstos na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas realizados polas persoas visitantes á cidade de Vigo. • Garantir un modelo de turismo sostible e responsable na cidade de Vigo, finalidade acorde ao establecido no artigo 24.4 da mencionada Lei 5/2024, que dispón que <i>“os ingresos do recargo estarán afectados, como mínimo nun 80%, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, o impulso, a protección, o fomento e o desenvolvemento do turismo sustentable, na forma que se</i>

	<i>determine na ordenanza</i> ". Cumprir o principio de xustiza tributaria mediante o reparto das cargas públicas de xeito equitativo para que as persoas visitantes contribúan ao sostemento dos servizos públicos municipais dos que desfrutan temporalmente .
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	Non se teñen identificado solucións alternativas, regulatorias ou non regulatorias, que permitan regular o establecemento dun recargo municipal sobre o imposto sobre as estancias turísticas na cidade de Vigo. Como se ven de xustificar nos antecedentes e pola súa natureza tributaria, o establecemento do recargo e a determinación da contía a esixir ás persoas visitantes que realicen estancias turísticas é unha materia reservada a ordenanza fiscal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(651).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ASCENSOR DO EDIFICIO MUNICIPAL SITO NA PRAZA DA PRINCESA Nº 7. EXPTE. 21758/240.

Visto o informe xurídico do 06/08/2025 e o informe de fiscalización do 18/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/07/2025, asinado polo xefe do servizo de Patrimonio e a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN::

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público. (LCSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- Pola xefatura de servizo de Patrimonio, co conforme da Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, en



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, redactouse o correspondente informe de necesidade e idoneidade na contratación do servizo de mantemento integral do ascensor do edificio municipal (propiedade nº 56 do IMBD) sito na praza da Princesa nº7 ,vigo.

Así mesmo, redactouse o 23 de maio do 2025 o Prego de prescripcións técnicas para a súa contratación, incorporando igualmente ó expediente a memoria económica e a xustificativa asinadas nas datas 4/06/2025 e 18/06/2025, respectivamente.

Segundo.- O 11 de xullo do 2025 emitiu informe o servizo de Contratación conforme o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, procedendo o na mesma data á emisión do Prego de Cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de mantemento do aparello de elevación no edificio municipal sito na praza da Princesa Nº 7.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescripcóns Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), tendose incorporado ó expediente o correspondente documento contable de retención de crédito.

Quinto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e fiscalización da Intervención (artigo 116.3 LCSP), con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do servizo de mantemento do aparello de elevación no edificio municipal sito na praza da Princesa Nº 7.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado, respectivamente, polo Arquitecto técnico e o Xefe do Servizo de Patrimonio en data 23 e 26 de maio do 2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 11/07/2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de MIL OITOCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (1.887,60 €), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 99330.2279903 (Mantenemento Ascensores Patrimonio) e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:

Anualidades	Importe
-------------	---------



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

2025	78,65 €
2026	943,80 €
2027	865,15 €
TOTAL	1.887,60 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(652).- PRÓRROGA DO ACORDO MARCO DO PROGRAMA PARA A REALIZACIÓN DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS RETRIBUÍBLES MEDIANTE GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 46900/220.

Visto o informe de fiscalización do 18/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/07/2025, asinado pola técnica de organización e xestión de Recursos Humanos e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local de data 9/08/2024 acordou a determinación dunha xornada laboral de 1.642 horas en cómputo anual para o persoal do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo, nos termos do previsto no art. 8 do vixente Regulamento reitor do servizo; xornada vinculada á proposta de organización do servizo de data 25 de abril do 2024, asinada pola xefatura do SPEIS e pola xefatura da Área de Seguridade, e aos criterios xerais reitores dun programa de servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria, nos termos e condicións destes, en execución do acordo adoptado pola Mesa de Negociación das condicións do persoal funcionario -proceso de diálogo social desenvolto en sesións negociais de datas 07/05/2024 e 25/06/2024-; (...)

2.- A Xunta de Goberno Local de data 9/08/2024 acordou aprobar o Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios fora da xornada laboral ordinaria do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) retribuíbles mediante gratificacións, e autorizar ás xefaturas do SPEIS e da área de Seguridade e Mobilidade a organización e desenvolvemento do Acordo Marco do programa para a realización e retribución de servizos extraordinarios por riba da xornada legal anual (37,5 semanal/anual 1642) para un período máximo de 12 meses, e que deberá desenvolverse de acordo coa previsto na normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais e demais que sexan de aplicación. Expte. 44930-220.

3.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 9/08/2024, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o Acordo da Mesa Xeral de Negociación de funcionarios do Concello, adoptado en sesión extraordinaria de 25 de xuño de 2024, relativa á organización do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento que se achega como Anexo I, cos efectos previstos no arts. 38, 1 e 3 e concordantes do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo RDL 5/2015.

2º.- Incorporar ao presente Acordo para debida constancia, a acta da precedente sesión ordinaria da Mesa Xera de Negociación de 07 de maio de 2024, como Anexo II.”

4.- A xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 2/12/2024, acordou aprobar a nova redacción do apartado 5.2 do Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios por riba da xornada legal anual (37,5 semanal/anual 1642) do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) retribuíbles mediante gratificacións, que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9.08.2024, para un período máximo de 12 meses. Expte. 44930-220

O inicio do desenvolvemento do programa produciuse no mes de setembro/2024, mediante resolución de data 12/09/2024 ditada no expediente 45117-220, e pola que se autorizou a realización trimestral de servizos extraordinarios en exceso de xornada ata un máximo de 11.834 h para os meses de setembro-outubro-novembro de 2024 por parte de efectivos adscritos ao Servizo de Prevención e Extinción de incendios integrados no Programa, segundo a petición formalizada polas xefaturas do SPEIS e Seguridade e Mobilidade, e en aplicación dos requisitos e condicións do PROGRAMA PARA A REALIZACIÓN DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

5- Mediante número de documento 250117920 (expediente 7374-213), remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación, informe proposta asinado polas xefaturas do SPEIS e da área de Seguridade e Mobilidade, e conformado pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no que se propón a aprobación pola Xunta de Goberno Local da prórroga, ata o 31/12/2026, do Acordo marco de servizos extraordinarios do SPEIS aprobado pola Xunta de Goberno Local o 9/08/2024, e redacción posterior de 2/12/2024.

6.- A través do documento núm. 250112243 (expediente 7365-213), remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación, informe proposta asinado polas xefaturas do SPEIS e da área de Seguridade e Mobilidade, sobre os criterios de aplicación do límite máximo de 17 gardas por efectivo no SPEIS en cumprimento do acordo da XGL de 9 de agosto de 2024 (EXP. 44930/220), polo que se regula o programa de servizos extraordinarios do SPEIS.

7.- A requirimento da área de RRHH e Formación, a través do documento núm. 250141319 incorporado ao expte. 46900-220, a técnica de prevención de riscos laborais emite informe sobre a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

adecuación á normativa de riscos laborais dos informes da xefatura do SPEIS de prórroga do programa de servizos extraordinarios e criterio interpretativo do número máximo de gardas

II. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- RDL 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución do vixente orzamento 2024.
- Resolución de 28 de febreiro de 2019, de la Secretaría de Estado de Función Pública, por la que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo.
- Ley 7/1990, de 19 de xullo, sobre negociación colectiva e participación na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos.
- Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo
- Regulamento do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios do Concello de Vigo (RSPEIS).

III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. Servizo de Prevención e Extinción de Incendios

O art. 26.1.c) LRBRL contempla como Servizo municipal obrigatorio en todos os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, o de Prevención e Extinción de Incendios

Non obstante, non existe normativa estatal ou autonómica reguladora do Corpo de Bombeiros, en desenvolvemento do previsto na D.F.3ª da LRBRL sobre o Estatuto específico do Corpo de Bombeiros, sendo de aplicación, en tanto non se produza a súa aprobación, a D.T.5ª do RDL 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local (TRRL), normativa de todo insuficiente que se limita a clasificación das categorías do persoal sen abordar a regulación das especialidades e particularidades organizativas deste servizo.

Polo que se refire á clase de persoal do Servizo de Extinción de Incendios: Os art. 167.3.b) e 171.2.b) TRRL, o encadran na Escala de administración especial, subescala de servizos especiais.

2.- Réxime retributivo. Gratificacións

O persoal ao servizo da Administración Local, goza dun réxime retributivo legalmente predeterminado nos termos do disposto na lexislación sectorial vixente, como se especifica no propio artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) no cal se preceptúa que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus orzamentos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública; en termos similares se pronuncia o artigo 153.3 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime

Local, cando sinala que a estrutura, criterios de valoración obxectiva, no seu caso, e contías das diversas retribucións dos funcionarios da Administración Local rexeranse polo disposto no artigo 93 da LRBRL. Tal artigo 93 sinala clara e taxativamente que *“as retribucións básicas dos funcionarios locais terán a mesma estrutura e idéntica contía que as establecidas con carácter xeral para toda a función pública”*(apartado 1), sinalándose de seguido que as retribucións complementarias – transitoriamente vixentes ata que se produza a entrada en vigor do réxime retributivo deseñado polo Estatuto Básico do Empregado Público atendendo ao disposto na Disposición Final Cuarta do mesmo- ateranse asímesmo á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado (apartado 2). O anterior debe ser posto en consonancia co establecido no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, modificado por Real Decreto 158/1996, do 2 de febreiro, en cuxo artigo 1 se efectúa unha remisión ao xa referenciado artigo 93 da LRBRL, salientándose a continuación que os funcionarios de Administración Local só poderán ser remunerados polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (artigo que o propio TREBEP deroga expresamente na Disposición Derogatoria Única, apartado b) da mesma, entendéndose pola doutrina especializada a procedencia da aplicabilidade directa da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada exercicio económico por defecto de precepto legal específico de carácter básico, criterio que se comparte debido á súa eficacia práctica e ao seu sustento lóxico na propia Disposición Final Cuarta do propio TREBEP).

O Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local recolle no seu artigo 6.3 como retribución complementaria non fixa nin periódica *“las gratificaciones, que en ningún caso podrán ser fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo, habrán de responder a servicios extraordinarios realizados fuera de la jornada normal de trabajo”*.

3.- Materias suxeitas a negociación colectiva

A negociación colectiva das condicións de traballo dos funcionarios públicos estará suxeita aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, e efectuarase mediante o exercicio da capacidade representativa recoñecida ás organizacións sindicais nos artigos 6.3.c); 7.1 e 7.2 da Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de liberdade sindical, e o previsto no capítulo IV do Título II do TREBEP (artigo 33 e 37)

En virtude do anterior foron sometidas á MXNF do 25/06/2024 as propostas de determinación da xornada laboral do persoal do servizo de prevención e extinción e salvamento (SPEIS) do Concello de Vigo e de revisión da fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios, segundo as consideracións formuladas pola Intervención Municipal.

4.- Regulamento do SPEIS.

O carácter voluntario da adhesión ao programa para a realización de servizos extraordinarios, tratándose dun servizo de emerxencia, deberá ser interpretado sen prexuízo do establecido no art. 3 e 8 do RSPEIS para todos o os efectivos que conforman o persoal do SPEIS cuxa incorporación é obrigatoria en situacións excepcionais e de emerxencia.

5.- Ámbito temporal do acordo marco do programa de servizos extraordinarios fora da xornada de traballo do servizo de Prevención e Extinción de Incendios retribuíbles mediante gratificacións

Segundo o recollido no apartado 1 do acordo marco do programa, establécese unha duración anual, sen prexuízo de que, en caso de que apreciase necesidades do servizo que puidesen aconsellar a prórroga ou a aprobación dun novo programa, remitirá proposta debidamente motivada a Área de Recursos Humanos e Formación, para a súa tramitación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

Á vista do que antecede, aínda que, na proposta do servizo se solicita a prórroga ata 31/12/2026, dado o carácter anual do programa, se estima procedente a aprobación dunha prórroga por un período máximo de 12 meses.

6.- Motivación da solicitude de prórroga

No informe de data 21/05/2025 incorporado ao expediente (trámite 2) e emitido polas xefaturas do SPEIS e área de Seguridade, se recollen, entre outros, os seguintes aspectos:

“O informe de data 20/05/2025 (DOC. 250099911 Ref. Exp. 46546/220), analiza:

- o impacto da entrada na idade de xubilación de 8 efectivos durante o ano 2025;*
- a previsión de renuncias entre o persoal interino, tal e como vén ocorrendo nos últimos anos;*
- a non dispoñibilidade inmediata de novas incorporacións, xa que as probas selectivas das OEP 2020-2021-2022 se atopan actualmente en curso, con diferentes ritmos de execución en función da programación de cada tribunal;*
- a situación de 12 efectivos en IT na data da elaboración do informe.*

Así mesmo, constan solicitudes coordinadas da xefatura do SPEIS e da Área de Seguridade e Mobilidade (doc. 250018348, de 28/01/2025) para ampliar ata o 31/12/2026 o prazo límite para o goce das vacacións acumuladas dos anos 2022 a 2025. Dita ampliación —pendente de resolución formal— xustifícase precisamente para garantir a continuidade operativa do servizo, facilitar a distribución progresiva das ausencias planificadas, e evitar a concentración de permisos nun único exercicio, en liña co que se propón nesta solicitude de prórroga.

Co obxectivo de garantir a continuidade do servizo público esencial á cidadanía, respectando a legalidade vixente, a saúde do persoal e os principios de proporcionalidade e estabilidade resulta de vital importancia de que se resolva favorablemente a solicitude de ampliación do prazo límite para o goce das vacacións pendentes, así como a presente solicitude de prórroga do programa de servizos extraordinarios, medida de planificación operativa imprescindible nun servizo onde as intervencións teñen un compoñente aleatorio e imprevisible, e onde resulta fundamental garantir tanto a continuidade do servizo como o exercicio efectivo do dereito ao descanso por parte do persoal, especialmente aquel que, por razóns organizativas, non puido desfrutar con carácter ordinario dos seus períodos de vacacións acumuladas.

Ademais, consultada a aplicación de xestión de persoal Ginpix en data 9/06/2025, salvo erro ou omisión, constan as seguintes vacantes libres non cubertas interinamente :

POSTO	NÚMERO VACANTES NON OCUPADAS INTERI- NAMENTE
SARXENTO	4
CABO	5
BOMBEIRO	25
CONDUTOR BOMBEIRO	6

Polo tanto, existen no servizo prazas vacantes correspondentes aos procesos selectivos en curso de execución (OEP 2020-2021-2022) ou incluídos en ofertas aínda non executadas (2023, 2024), contemplando as bases das convocatorias aprobadas a previsión dun curso selectivo e período de prácticas o que, á súa vez, diferiría a incorporación ao servizo dos novos efectivos nomeados con cargo ás ditas convocatorias.

Ao anterior, debe engadirse un aumento de postos de traballo no SPEIS incluído na proposta de aprobación da RPT 2025 formulada pola área de RRHH e Formación, que foi sometida a negociación colectiva e que, de obter informe xurídico favorable, se elevará para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, prevéndose un incremento de 2 postos de Sarxento/a, 2 de Cabo, 4 de bombeiro/a, e 2 de condutor/a bombeiro/a, o que, suporá un maior número de prazas vacantes en tanto non sexan incluídas e se executen as correspondentes ofertas de emprego público.

7.- Criterio interpretativo do límite de 17 gardas por ano natural recollido no apartado 7 do programa do acordo marco:

Segundo o informe de data 14/05/2025 emitido polas xefaturas do SPEIS e área de Seguridade no documento núm. 250112243 incorporado ao expediente se refire que, con data 10/05/2025 (250106542 Ref. expte 44930-220), a xefatura do SPEIS emitiu informe técnico sobre o estado de execución do programa, no que se verificou o cumprimento dos límites normativos e se recolleu expresamente o criterio organizativo de entender o límite máximo de 17 gardas por efectivo como referenciado ao exercicio natural, conforme aos principios de anualidade orzamentaria, igualdade funcional e coherencia coa xornada máxima anual de 1642 horas.

8.- Disposición de crédito

Tal e como dispón o art. 184.1 do TRLFL, e a Base 16ª de execución do orzamento, sen excepción algunha, a autorización do gasto requirirá a incoación do expediente correspondente sempre coa xustificación previa das necesidades, ben a instancias da xefatura de área ou do servizo que houbera de dirixir, fiscalizar ou intervir na execución do acto que orixine o gasto

A teor da Base 38ª a fiscalización previa de obrigas ou gastos de persoal realizárase mediante a comprobación da existencia de crédito orzamentario, e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propón contraer.

9.- Informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais

Consta no expediente informe favorable do servizo de Prevención de Riscos Laborais de data 25/06/2025 emitido con respecto ás propostas de prórroga do programa e do criterio interpretativo do límite das 17 gardas emitidas polas xefaturas de área de Seguridade e Mobilidade e Servizo de Extinción e Prevención de Incendios, no que se conclúe o seguinte

“

1. *A prórroga do programa de gardas extraordinarias ata o 31/12/2026, nos termos propostos, é **compatible coa normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais**, sempre que se manteñan os mecanismos de control xa establecidos e non se introduzan modificacións que incrementen a carga de traballo ou alteren a voluntariedade.*
2. *A interpretación do límite máximo de 17 gardas por efectivo como aplicable por ano natural resulta, **desde a perspectiva preventiva, axeitada e coherente** cos principios de distribución racional da carga de traballo e de protección da saúde dos traballadores.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

3. *Este informe limítase ao ámbito estrito da seguridade e saúde laboral. Non se entra a valorar extremos xurídico-administrativos, económicos ou de organización interna que exceden das competencias do SPPRL....”*

IV.- FISCALIZACIÓN PREVIA

A proposta debe someterse á fiscalización previa da Intervención Xeral, de conformidade co disposto na lexislación reguladora sobre facendas locais (artigos 213 a 223).

V.- COMPETENCIA

A competencia para a aprobación do presente expediente reside na Xunta de Goberno Local ex artigo 127. 1, letra h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, previas as conformidades da Concellería da Área de Goberno e da Concellería-delegada de Área que, por delegación da Excm. Alcaldía e da propia Xunta de Goberno Local, teñen atribuídas competencias en materia de planificación e xestión de recursos humanos no actual réxime de delegacións competenciais.

Visto o anteriormente exposto, e coa conformidade da Sra. Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal -no exercicio das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 28/06/2024, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordo de mesma data-; e a conformidade da Concellería-delegada competente en materia de Educación e de Recursos Humanos e Formación (delegacións en actos e acordos de mesmas datas) sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a prórroga do Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios fora da xornada legal anual (37,5 semanal/anual 1642) do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) retribuíbles mediante gratificacións, que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9.08.2024, e redacción aprobada por acordo da XGL de 2.12.2024 (expte. 44930-220), para un período máximo de 12 meses, en base a proposta das xefaturas do SPEIS e da área de Seguridade, e á vista do informe favorable do SPRL de data 25/06/2025, mantendo a súa vixencia as demais disposicións relativas á duración, réxime competencial, condicións de desenvolvemento do programa, autorizacións ás xefaturas responsables, limitacións orzamentarias e calquera outra prevista no devandito acordo, cuxo desenvolvemento queda suxeito, igualmente, ao establecido na normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais e demais que sexan de aplicación.

SEGUNDO.- Aprobar o criterio interpretativo do apartado 5 (“Número de gardas de servizos extraordinarios, distribución, duración e horarios”) do programa do Acordo Marco do programa para a realización dos servizos extraordinarios fora da xornada legal anual (37,5 semanal/anual 1642) do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS), de acordo coa proposta formulada polas xefaturas do SPEIS e da área de Seguridade, de data 21/05/2025, segundo a cal, o límite máximo de 17 gardas por efectivo se entende e aplica por exercicio natural, conforme aos principios de anualidade orzamentaria, igualdade funcional e coherencia coa xornada máxima anual de 1642 horas, á vista do informe favorable do SPRL de data 25/06/2025.

TERCEIRO.- Déase traslado do presente acordo ás correspondentes áreas, servizos e concellerías, así como á Intervención Xeral, á Dirección Superior Contable e Orzamentación, aos sindicatos e órganos de representación; e procédase á súa exposición pública no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento. Todo o cal, coa indicación de que, contra o precedente acordo se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou

no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(653).- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DAS PRAZAS DE AXUDANTE DE MANTEMENTO E AXUDANTE DE MANTEMENTO DE DEPORTES, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN. EXPTE. 46732/220.

Visto o informe de fiscalización do 18/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/08/2025, asinado polo técnico de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso, foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023), entre as que se atopaban as seguintes prazas en réxime laboral, equiparadas ao subgrupo E (AP) de titulación:

-Axudante de mantemento Deportes (proceso nº 41): 4 prazas.

-Axudante de mantemento (proceso nº 43): 9 prazas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

II.- En sesión de data 30/12/2024, segundo consta en copia da acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo das prazas en réxime laboral fixo equiparadas ao subgrupo E (AP) de titulación, (Tribunal 3) acordou propoñer para o seu nomeamento polo órgano competente, o nomeamento das seguintes persoas e referido aos seguintes procesos:

PROCESO Nº 41 AXUDANTE MANTEMENTO DEPORTES

FERNÁNDEZ PÉREZ, M.A ***1138**

MARCOS GUERRERO, L.A ***4445**

ROMÁN VÁZQUEZ, M.F ***0881**

VIÑAS HERNÁNDEZ, S ***5919**

PROCESO Nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO

RIAL SANROMAN, M ***5177**

TEIXEIRA RODRÍGUEZ, A ***2556**

CASTRO MARCOTE, J ***8601**

VILA ARAGUNDE, S ***2323**

GARCÍA ÁLVAREZ, F ***0471**

IGLESIAS ABALDE, A ***7575**

SANTIBAÑEZ PASCUAL M.A ***3312**

PUJOL LIMA, J.M ***8462**

CERVIÑO PÉREZ, J.A ***1149**

O correspondente anuncio publicouse na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 02/01/2025, marcando o inicio do prazo de 20 días naturais establecido nas bases da convocatoria para presentar a documentación esixida nela.

Posteriormente consta acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2025 de resolución dos recursos de alzada presentados nos procesos seguidos polo citado órgano de selección (Tribunal 3) e proposta de nomeamento.

III.- Consta no trámite 32 do expediente, verificación administrativa sobre a documentación presentada polo persoal proposto, conforme ao exixido nas bases do procedemento ou por figurar xa en en poder da administración ao tratarse de persoal de alta no Concello de Vigo na data de sinatura.

-Dado as incidencias xurdidas na tramitación do citado proceso referida ao un dos candidatos propostos, con DNI ***8462**, e que motivou a necesidade de realizar un trámite de audiencia previo por parte desta administración, a proposta de nomeamento que resulte para a praza en cuestión, realizarase con posterioridade unha vez esgotados os trámites administrativos procedentes que se están levando a cabo.

IV.- Consta igualmente incorporado listado de vacantes (trámite 49 do expediente) con respecto ás cales realizarán os nomeamentos aquí propostos, así como aquelas dotacións que actualmente están ocupadas por persoal laboral temporal, que deberá ser cesado con efectos ao día inmediatamente anterior a que teña lugar a firma dos contratos como persoal laboral fixo:

- Posto 618– Axudante mantemento deportes no Servizo 611- Servizo Municipal Deportes, figuran ocupadas as seguintes dotacións:

- Dotación 1 ocupada en data de sinatura por L. A. Marcos Guerrero, con nº de persoal 60910, como laboral temporal. L. A. Marcos Guerrero consta no listado de persoal a nomear como persoal laboral fixo no expediente 46732-220.
- Dotación 3 ocupada en data de sinatura por S. Viñas Hernández, con nº de persoal 61109, como laboral temporal. S. Viñas Hernández consta no listado de persoal a nomear como persoal laboral fixo no expediente 46732-220.
- Dotación 6 ocupada en data de sinatura por M. A. Fernández Pérez, con nº de persoal 60702, como laboral temporal. M. A. Fernández Pérez consta no listado de persoal a nomear como persoal laboral fixo no expediente 46732-220.
- Dotación 12 ocupada en data de sinatura por M. F. Román Vázquez, con nº de persoal 60907, como laboral temporal. M. F. Román Vázquez consta no listado de persoal a nomear como persoal laboral fixo no expediente 46732-220.

-O mesmo ocorre con aquel persoal proposto polo órgano de selección no proceso de Axudantes de mantemento, que ata o momento veña prestando servizos como persoal laboral indefinido non fixo, declarado por sentenza xudicial, e que cesarán en tal condición para proceder á súa contratación como persoal laboral fixo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 91. “1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.

2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Artigo 103.”El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

O seu artigo 7 establece que:

“El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se regirá por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho.”

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

“1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”

-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Artigo 63. “La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo”.

-Convenio das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral, estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

-Ceses previos como persoal laboral temporal ou laboral indefinido non fixo para poderen ser contratados como persoal laboral fixo.

Tal e como se expuxo no apartado IV dos antecedentes, figuran as dotacións concretas que actualmente están ocupadas por persoal laboral temporal, que deberá ser cesado con efectos ao día inmediatamente anterior a que teña lugar a firma dos contratos como persoal laboral fixo.

-O mesmo ocorre con aquel persoal proposto polo órgano de selección no proceso de Axudantes de mantemento, que ata o momento veña prestando servizos como persoal laboral indefinido non fixo, declarado por sentenza xudicial, e que cesarán en tal condición para proceder á súa contratación como persoal laboral fixo.

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025).

PROPOSTA DE ACORDO:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

PRIMEIRO.- Cesar como persoal laboral temporal das prazas de Axudante de mantemento Deportes, equiparables ao grupo E, Agrupacións profesionais, posto 618, toda vez que ditas prazas que ocupan actualmente foron executadas na respectiva oferta de emprego público de estabilización do Concello de Vigo, e os respectivos nomeamentos como persoal laboral fixo serán realizados conforme ao apartado SEGUNDO do presente acordo, a:

-M.A FERNÁNDEZ PÉREZ,	DNI ***1138**
-L.A MARCOS GUERRERO	DNI ***4445**
-M.F ROMÁN VÁZQUEZ	DNI ***0881**
-S. VIÑAS HERNÁNDEZ	DNI ***5919**

SEGUNDO.- Contratar como persoal municipal en réxime laboral fixo con cargo ás prazas de Axudante de mantemento Deportes (asociadas ao posto 618), equiparables ao grupo E, Agrupacións profesionais, que foron convocadas en execución da Oferta de Emprego Público de Estabilización do Concello de Vigo, a:

-M.A FERNÁNDEZ PÉREZ,	DNI ***1138**
-L.A MARCOS GUERRERO	DNI ***4445**
-M.F ROMÁN VÁZQUEZ	DNI ***0881**
-S. VIÑAS HERNÁNDEZ	DNI ***5919**

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo Cuarta 3, notificaráselles aos/ás interesados/as para que subscriban os seus contratos laborais fixos no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento.

O ceses acordados no apartado PRIMEIRO do presente acordo, xerarán os seus efectos dende o día inmediatamente anterior ao que teña lugar a contratación dos interesados como persoal laboral fixo.

TERCEIRO.- Cesar como persoal declarado por sentenza xudicial como laborais indefinidos non fixos, cuxos respectivos nomeamentos como persoal laboral fixo nas prazas de Axudante de mantemento serán realizados conforme ao apartado CUARTO do presente acordo, a:

-M. RIAL SANROMAN	DNI ***5177**
-A.TEIXEIRA RODRÍGUEZ	DNI ***2556**
-J. CASTRO MARCOTE	DNI ***8601**
-S. VILA ARAGUNDE	DNI ***2323**

-F. GARCÍA ÁLVAREZ	DNI ***0471**
-A. IGLESIAS ABALDE	DNI ***7575**
-M.A SANTIBAÑEZ PASCUAL	DNI ***3312**
-J.A CERVIÑO PÉREZ	DNI ***1149**

CUARTO.- Contratar como persoal municipal en réxime laboral fixo, con cargo ás prazas de Axudante de mantemento (asociadas ao posto 270), equiparables ao grupo E, Agrupacións profesionais, que foron convocadas en execución da Oferta de Emprego Público de Estabilización do Concello de Vigo, a:

-M. RIAL SANROMAN	DNI ***5177**
-A. TEIXEIRA RODRÍGUEZ	DNI ***2556**
-J. CASTRO MARCOTE	DNI ***8601**
-S. VILA ARAGUNDE	DNI ***2323**
-F. GARCÍA ÁLVAREZ	DNI ***0471**
-A. IGLESIAS ABALDE	DNI ***7575**
-M.A SANTIBAÑEZ PASCUAL	DNI ***3312**
-J.A CERVIÑO PÉREZ	DNI ***1149**

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo Cuarta 3, notificaráselles aos/ás interesados/as para que subscriban os seus contratos laborais fixos no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento.

O ceses acordados no apartado TERCEIRO do presente acordo, xerarán os seus efectos dende o día inmediatamente anterior ao que teña lugar a contratación dos interesados como persoal laboral fixo.

-Dado as incidencias xurdidas na tramitación do citado proceso referida ao un dos candidatos propostos polo órgano de selección, con DNI ***8462**, a proposta de nomeamento que resulte para a praza en cuestión, realizarase con posterioridade unha vez esgotados os trámites administrativos procedentes que se están levando a cabo no expediente de referencia.

QUINTO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Empresa, aos efectos procedentes.

SEXTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente ante a xurisdición social.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(654).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS E SUBMINISTROS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MACROPARQUE DE XOGOS NA FINCA MATÍAS”. EXPTE. 2220/441.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 12/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/08/2025, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- Por parte da Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais en data 10.03.2022 remítese o proxecto de “MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda da empresa Soltec Ingenieros, S.L.

2.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, en data 31.03.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

3.- Previo informe da Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos e da Enxeñeira Técnica Municipal da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asist. Municipal de data 16.09.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en datas 19 e 20.09.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27.09.2024 aprobou o proxecto de “MACROPARQUE DE XOGOS NA FINCA MATÍAS”, redactado polo enxeñeiro industrial Daniel Prieto Renda cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA E NOVE MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS con NOVENTA E

OITO CÉNTIMOS (2.849.743,98€) e con sinatura dixital de data 02.09.2024. Expte. 5469-443.

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto da actuación obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 27.09.2024 que se corresponde co expediente administrativo 5.469-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas, para a prestación da obra, asinado polo enxeñeiro industrial Daniel Prieto Renda.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de Xestión, polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais do día 20.01.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 21.01.2025.
- D) Memoria económica asinada pola técnica de Xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes os días 13 e 14.02.2025.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable o día 14.02.2025.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 12.03.2025.
- G) Prego de prescricións técnicas particulares para a prestación do subministro, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais, asinado o día 19.05.2025.
- H) Declaración de neutralidade do redactor do proxecto asinada o día 07.03.2025 e declaración de neutralidade dos redactores do prego de prescricións técnicas particulares para a prestación do subministro asinada o día 19.05.2025.
- I) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor e asinada o día 23.06.2025.
- J) Informe do servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 03.07.2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

K) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 07.08.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), así como o seu carácter de contrato mixto de obra e subministro. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación mixta da obra e subministro, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, do proxecto de “MACROPARQUE DE XOGOS NA FINCA MATÍAS”, redactado polo Enxeñeiro Industrial Daniel Prieto Renda.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares para a prestación do subministro, asinado pola enxeñeira de camiños, canais e portos e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 19.05.2025.

Cuarto.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do servizo de Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 07.08.2025.

Quinto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA E NOVE MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS con NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.849.743,98 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1710.619.00.14 – proxecto de gasto 25171014, segundo a distribución de anualidades proposta:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

2025	2.849.743,98 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(655).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO INMOBLE SITO NA RÚA ENRIQUE LORENZO, Nº 54 EN TEIS PARA USO DE SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA. EXPTE. 2287/441.

Visto o informe xurídico do 01/08/2025 e o informe de fiscalización do 12/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/07/2025, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 12.06.2024 resolveu autorizar o gasto e o contrato menor para "Actualización do proxecto de obras de reforma do inmoble sito na rúa Enrique Lorenzo nº 54 (Teis) para uso de sala de lectura - biblioteca", a prol da entidade Arquitectural SL, con CIF B92511385.

2.- A dita mercantil presenta, trala fase de supervisión, proxecto de "REFORMA DO INMOBLE SITO NA RUA ENRIQUE LORENZO, Nº 54 (TEIS) PARA USO DE SALA DE LECTURA- BIBLIOTECA", redactado e asinado polo arquitecto Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA E UN EUROS CON OITO CÉNTIMOS (1.032.871,08 €).

3.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal do día

12.03.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución do día 13.03.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 21.03.2025 aprobou o proxecto de "REFORMA DO INMOBLE SITO NA RUA ENRIQUE LORENZO, Nº 54 (TEIS) PARA USO DE-SALA DE LECTURA - BIBLIOTECA", redactado e asinado polo Arquitecto Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA E UN EUROS CON OITO CÉNTIMOS (1.032.871,08 €) e de data da sinatura dixital 21 de febreiro de 2025. (Expte. 6653-443).

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL na sesión que tivo lugar o día 21.03.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6653-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo arquitecto Leopoldo Salceda Alvite.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 09.04.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes do día 10.04.2025.
- D) Declaración de neutralidade do redactor do proxecto asinada o día 24.02.2025.
- E) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 24.04.2025.
- F) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria o día 25.04.2025.
- G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 05.05.2025.
- H) Declaración responsable asinada polo redactor do proxecto o día 19.06.2025, en relación co artigo 126 da LCSP.
- I) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor os días 26 e 27.06.2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

- J) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos proxectos o día 27.06.2025.
- K) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos proxectos o día 27.06.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 12.03.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

III.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REFORMA DO INMOBLE SITO NA RUA ENRIQUE LORENZO, Nº 54 (TEIS) PARA USO DE SALA DE LECTURA- BIBLIOTECA", redactado e asinado polo arquitecto Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS SETENTA E UN EUROS CON OITO CÉNTIMOS (1.032.871,08 €, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	600.000,00 €
2026	432.871,08 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos proxectos o día 27.06.2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 9330.6320062 (Acondicionamento Antigo ambulatorio Teis para Biblioteca) – proxecto de gasto 20933062, por importe de 600.000,00 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2026, na aplicación orzamentaria 9330.6320062, crédito por importe de 432.871,08 €.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 72,15%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(656).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE ALZADA CONTRA A RESOLUCIÓN DO DIRECTOR DE AUGAS DE GALICIA, DE DATA 21 DE XULLO DE 2025, POLA QUE SE RESOLVE O EXPEDIENTE SANCIONADOR DH.D36.97006, POR DESATENCIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO REQUIRIMENTO EN MATERIA DE VERTIDOS NA ILLA DE TORALLA. EXPTE. 7998/440.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/08/2025, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos e o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1.- En datas 8 e 10 de novembro de 2023, a Gardería de Augas de Galicia, en virtude de comunicación da policía local de Vigo, levou a cabo inspección na estrada PO-324 na intersección Illa de Toralla/Coruxo, en Vigo, constatando un vertido de augas residuais en condicións inadecuadas dende terra á ría de Vigo, a través do rego de O Vao, procedente das instalacións municipais de saneamento situadas nese lugar. Polo que, en data 17 de

novembro de 2023 ,Augas de Galicia requiriu ao Concello de Vigo para que acreditase perante a primeira as medidas adoptadas para o cese dos vertidos.

2.- En data 14 de decembro de 2023, o Concello de Vigo remitiu escrito indicando que o vertido tivo carácter puntual por sobrecarga hidráulica a causa das intensas choivas do outono, tratándose dunha rede unitaria, entrando en funcionamento o aliviadoiro e que o Concello ten prevista a elaboración e aprobación dun Plan Director de Saneamento que avalíe as medidas a tomar para minimizar estes alivios.

3.- En data 17 de xaneiro de 2024 a Gardería de Augas de Galicia levou a cabo nova inspección no lugar, constatando que, se ben nese intre non se producía vertido, non se levou a cabo ningunha actuación de reparación ou mellora.

4.- En data 17 de abril de 2024 requeriuse de novo ao Concello para que no prazo de dous meses acreditase perante Augas de Galicia a execución das medidas correctoras anunciadas nas alegacións presentadas en data 14 de decembro de 2023.

5.- O 14 de xuño de 2024 o Concello remitiu escrito manifestando o seguinte:

«En data 17/04/24 recíbese requirimento complementario para que no prazo de dous meses acreditase ante Augas de Galicia a execución das medidas correctoras anunciadas na alegación de data 14/12/23. En relación ao mesmo, adxúntase:

- *Resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 02/02/24, na que se encomenda a redacción do “Plan integral de xestión do sistema de saneamento” á entidade concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, Aqualia – FCC Vigo UTE.*

- *Adicionalmente, adxúntase informe proposta de data 13/06/2024 para aprobación por parte da Xunta de Goberno Local da redacción do proxecto de “melloras na rede de saneamento na rúa Canido e contorna».*

6.- O 19 de xuño de 2024 Augas de Galicia requiriu de novo ao Concello a acreditación, no prazo de tres meses, da execución das medidas correctoras anunciadas nas alegacións presentadas en data 14 de xuño de 2024.

7.- O Concello, en data 19 de setembro de 2024, remitiu novo escrito ao que achega a Resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de data 21 de xuño de 2024, na que se encomenda á concesionaria do servizo de augas do Concello a redacción do proxecto “Melloras na rede de saneamento da rúa Canido e contorna” e se comunica a Augas de Galicia que:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

«Dende tal data tense traballado na definición da mellor alternativa para resolver os problemas de saneamento na contorna. Dita alternativa require de autorizacións sectoriais para a aprobación do proxecto (Dirección Xeral de Patrimonio, Dirección Xeral de Urbanismo, Augas de Galicia, Ministerio de Transición Ecolóxica, Axencia Galega de Infraestruturas), que se están a tramitar actualmente».

Ao escrito achégase, tamén, o «Avance da alternativa proposta» para autorizacións sectoriais

8.- En data 24 de setembro de 2024 requíriuse por Augas de Galicia da Administración municipal a acreditación, no prazo de catro meses, a execución das medidas correctoras anunciadas neste último escrito.

9.- O 17 de outubro de 2024 o Concello de Vigo deu traslado deste requirimento de Augas de Galicia á empresa concesionaria do servizo de augas de Vigo, á que se lle encomendara a redacción do proxecto de obras, para que, á vista do mesmo, priorizase a redacción deste proxecto (Achegase copia do escrito).

10.- O 23 de xaneiro de 2025 Concello remitiu escrito manifestando o seguinte:

«Estase pendente de recibir os informes sectoriais para a alternativa proposta, solicitados en setembro de 2024 (Dirección Xeral de Patrimonio, Dirección Xeral de Urbanismo, Ministerio Transición Ecolóxica, Axencia Galega de Infraestruturas ...). Tal como se indicou nunha resposta anterior, os problemas detectados parecen relacionados con vertidos puntuais por sobrecarga hidráulica coincidindo con episodios de precipitacións. En tal sentido, considerouse necesario, como parte dos traballos de definición construtiva da solución, realizar unha campaña de campo de levantamento topográfico e de medición de caudais dos colectores na contorna en tempo seco e de chuvia, da que se adxunta informe».

10.- Considerando Augas de Galicia que a documentación presentada en data 23 de xaneiro de 2025 supoñía soamente uns traballos previos aos que foron anunciados nas alegacións presentadas en data 19 de setembro de 2024, en data 27 de xaneiro de 2025 requiriu novamente ao Concello para que no prazo de catro meses acreditase a execución das medidas correctoras anunciadas nas alegacións presentadas en data 19 de setembro de 2024

11.- Trascorrido o prazo outorgado ao efecto, sen que Augas de Galicia tivese constancia de resposta municipal, con data 6 de xuño de 2025, a Administración hidráulica acordou o inicio de expediente sancionador. por considerar desatendido o último requirimento.

12.- En data 24 de xuño de 2025 o Concello presentou alegacións ao acordo de inicio do expediente sancionador, baseadas nos argumentos que seguen:

«que o prazo dado no requirimento de data 27/01/2025 resulta manifestamente insuficiente para poder acreditar a execución das actuacións necesarias para o cese de alivios de carácter puntual con ocasión de precipitacións intensas (carácter puntual que ven acreditado no informe da Gardería de Augas de Galicia de data 13/11/2023 aportado no expediente, no que se comprobou que o alivio produciuse con ocasión de chuvias intensas, e que “xa coa choiva máis moderada, compróbase que non se está a producir vertido”).

Tal como se ten exposto na “Memoria descriptiva de las actuaciones a realizar para la mejora del saneamiento en Canido”, aportadas no escrito municipal de data 19/09/224, as medidas necesarias para o cese dos alivios puntuais require da execución dunha obra de entidade, consistente na renovación de centos de metros de tubaxes, así como a execución de elementos de retención de caudais con ocasión de fortes precipitacións (tanque de tormenta).

A execución das citadas obras require da aprobación previa dun proxecto construtivo.

Para a definición do proxecto construtivo, requírese dunha serie de traballos cuxo avance ven condicionado por distintos aspectos:

- requírese da realización de traballos topográficos e de caracterización de caudais, e de cuxo avance se informou no escrito municipal de 23/01/25.*
- requírese igualmente de tramitacións sectoriais, cuxa resolución condiciona a aprobación do proxecto. Así, cabe sinalar que en data 22/04/2025 tramitouse ante o Ministerio de Transición Ecolóxica o proxecto básico “recuperación ambiental da praia de O Vao e o seu entorno”, para obter a autorización sectorial, así coma solicitude de concesión de ocupación do dominio público marítimo terrestre. Neste proxecto e solicitude de autorización inclúese, entre outras, actuacións necesarias para eliminar os alivios puntuais detectados. Dita actuación foi sometida a información pública (anuncio no BOE do 05/05/2025). A validación de dita proposta resulta condición necesaria para poder tramitar as obras a executar, e validar as propostas para tramitación sectorial co resto de administracións.*

Trátase, pois, dunha actuación complexa, cuxo avance non depende únicamente da vontade municipal de acometer as obras necesarias. Só unha vez esclarecidos os condicionantes técnicos e administrativos será posible a aprobación dun proxecto construtivo que os recolla, para a posterior tramitación da execución das obras que



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

poñan fin ao alivio puntual con ocasión de fortes precipitacións, detectado por Augas de Galicia».

As alegacións municipais, tras examinar e desbotar a concurrencia dos elementos do tipo da infracción imputada ao Concello de Vigo, remataba solicitando o arquivo do expediente sancionador e a concesión dun prazo prudencial para acometer as obras descritas neste escrito e en anteriores. Ao escrito de alegacións achegouse polo Concello de Vigo o anuncio do Servicio Provincial de Costas de Pontevedra de información pública relativa á solicitude de concesión do Concello de Vigo para a ocupación do dominio público marítimo terrestre para a execución do proxecto “recuperación ambiental da praia de O Vao e o seu entorno”, con enlace á documentación presentada; proxecto que recollía as actuacións do «Avance da alternativa proposta» para a solución ao problema dos vertidos puntuais, nos terreos de dominio público marítimo terrestre.

13.- Con data de 21 de xullo de 2025, o director de Augas de Galicia desestimou as alegacións municipais e resolveu declarar ao Concello de Vigo responsable da comisión dunha infracción de carácter leve tipificada no art. 85 k) da Lei 9/2010 no t.m. de Vigo impoñéndolle unha sanción de 500 euros.

O director de Augas de Galicia desestima as alegacións municipais polas razóns que seguen: (i) o vertido constatouse en data 08.11.23 e na data de hoxe non está corrixido, sendo así que trascorreu máis de ano e medio dende aquel momento; (ii) o Concello en ningún momento solicitou prórroga para atender o requirimento nin expuxo os prazos previstos para a execución das medidas correctoras, polo que non cabe aceptar a alegación de falta de tempo material para executar as obras; (iii) o Concello non respostou ao requirimento de data 27.01.25, e iso deu lugar á incoación do procedemento sancionador, sen que tampouco neste intre o Concello poida invocar unha xustificación suficiente para non facelo; (iv) que a sanción o é únicamente polo retraso inxustificado na resposta ao mencionado requirimento; (iv) que a infracción pódese cometer de forma culposa, e que así o recoñece o xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra en sentenza de 15 de marzo de 2016 cando di que «sin perjuicio de que, en efecto, el requerimiento fue finalmente atendido, se considera que sí ha de hablarse de desobediencia al concreto requerimiento efectuado, del que el plazo para el cumplimiento forma parte, pues, en su caso, de considerar tal plazo inaplicable o insuficiente, así lo podría hacer valer el órgano requerido, y considerándose que el término desobediencia ha de equipararse en este caso a incumplimiento, no existiendo duda de que, por las razones que sean, el requerimiento de efectuar una comunicación en plazo fue incumplido»; (v) e, por último, que resulta ineficaz invocar a lealtade institucional pois se a conduta municipal constitúe unha infracción administrativa non existe obstáculo constitucional algún para o exercizo da potestade sancionadora polo órgano estatal ou autonómico que a teña atribuída.

14.- No podemos compartir as razóns invocadas polo director de Augas de Galicia para impoñer ao concello de Vigo a sanción referida, polo que procede interpoñer **recurso de alzada** en base ás seguintes

CONSIDERACIÓN DE FEITO E DE DEREITO

Primeiro.- Augas de Galicia é perfecta coñecedora de que a solución do problema do vertido puntual ao mar, no caso de grandes choivas, de augas pluviais e residuais das instalacións municipais de saneamento na estrada PO-324, na intersección da Illa de Toralla/Coruxo, debe resolverse necesariamente coa renovación de centos de metros de tubaxes, así como, e especialmente, coa execución de elementos de retención de caudais con ocasión de fortes precipitacións (tanque de tormenta). Este problema constatouse polo policía municipal de Vigo e comunicouse a Augas de Galicia: o concello de Vigo é o primeiro interesado en resolver o problema.

Segunda.- A fin de solucionar os eventuais vertidos da rede de saneamento de toda a cidade, no caso de grandes choivas, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data de 2 de febreiro de 2024, encomendou a redacción do “Plan integral de xestión do sistema de saneamento” á entidade concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, Aqualia – FCC Vigo UTE. Porén para resolver, canto antes, o problema dos vertidos que nos ocupan, con data de 21 de xuño de 2024, a Xunta de Goberno Local aprobou a encomenda á concesionaria do Servizo de Augas de Vigo, a redacción do proxecto de «Melloras na rede de saneamento na rúa Canido e contorna». No dito acordo, que xa se achegou a esa Administración hidráulica, faise constar que:

«A rede de saneamento da rúa Canido e contorna é de tipo unitario. Este feito provoca que, con ocasión de precipitacións abundantes e intensas, a rede de saneamento entre en carga. A fin de evitar que a sobrecarga da rede provoque retrocesos a través das acometidas das vivendas e que estas acaben anegadas, prodúcese alivios dende a rede cara ao regato do Bao.

Ademáis, en paralelo ao regato do Bao, discurre tamén un colector de diámetro 500 mm que recolle as augas residuais que proveñen da rúa Ricardo Mella, e se dirixen cara a EBAR do Bao. Este colector sofre, en época de chuvias infiltración de augas brancas dende o regato próximo, contribuíndo a sobrecargar a rede e o bombeo da EBAR do Bao.

Esta situación (sobrecargas na rede e EBAR; risco de retroceso nas acometidas das vivendas e alivios) debe corrixirse, tendo en conta ademais o desenvolvemento de novas urbanizacións que se ten producido na contorna, e que se prevé que se poida seguir producindo no futuro de acordo as previsións do novo PXOM.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

Resulta pois necesario unha mellora da rede de saneamento na rúa Canido e contorna, de xeito que se deseñe unha rede e EBAR con capacidade suficiente, que minimize as incorporacións de augas pluviais (augas brancas) cara os colectores así coma os alivios ao medio con ocasión de fortes precipitacións.

Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de “Melloras na rede de saneamento da rúa Canido e contorna” é unha actuación necesaria que non debe demorarse».

Terceira.- O que vai dito revela unha actitude dilixente do Concello de Vigo para resolver o problema de que tratamos. Porén a aprobación e a execución do proxecto que resolverá o problema dos vertidos puntuais de que tratamos require de distintas autorizacións sectoriais: da Dirección Xeral de Patrimonio, da Dirección Xeral de Urbanismo, de Augas de Galicia, do Ministerio de Transición Ecolóxica e da Axencia Galega de Infraestruturas; autorizacións sectoriais que se estaban a tramitar no prazo concedido para responder ao requirimento e se seguen a tramitar actualmente.

Así, trala encomenda de redacción do proxecto á empresa concesionaria, esta, a través da empresa SERYE Ingenieros, S.L., elaborou unha «Memoria descriptiva de las actuaciones», que foi enviada, como «Avance da alternativa proposta» o 20 de setembro de 2024 para informes sectoriais das distintas administracións concernidas pola actuación:

- A Augas de Galicia (actuacións en zona de servidume de cauces, puntos de vertido).
- Á Dirección Xeral de Patrimonio (proximidade ao xacemento romano Vila de Toralla).
- Á Dirección Xeral de Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente (actuacións en zona de servidume de costas).
- Á Axencia Galega de Infraestruturas (actuacións en zona de servidume vial autonómico).
- E ao Servizo provincial de Costas – Ministerio Transición Ecolóxica (actuación en dominio público marítimo terrestre).

En contestación a esta remisión polo Concello de Vigo da dita «Memoria descriptiva de las actuaciones», o 1 de outubro de 2024 recibíuse oficio de Augas de Galicia, no que indica que os colectores se deberán proxectar fóra de zona de servidume de dominio público hidráulico, a vez que solicitou a remisión de proxecto construtivo.

O 17 de febreiro de 2025 recíbiuse comunicación do Departamento Teritorial da Consellería de Cultura, indicando que para poder informar a solicitude, debería enviarse un proxecto técnico.

En data 16 de abril de 2025 recíbiuse requirimento da Consellería de Medio Ambiente, solicitando nivel de definición equivalente a proxecto construtivo (“plano coa ocupación exacta da actuación, orzamento detallado por partidas”...).

Como queira que nese mesmo tempo estábase a tramitar, nunha fase mais avanzada, o proxecto básico de «Recuperación ambiental da praia de O Vao e o seu entorno», cuxo ámbito comprende a meirande parte dos terreos afectados polo «Proxecto de melloras na rede de saneamento na rúa Canido e contorna» a parte do proxecto afectante ao dominio público marítimo terrestre do proxecto de «Melloras na rede de saneamento na rúa Canido e contorna» neste proxecto da «Recuperación ambiental da praia de O Vao e o seu entorno», publicándose o 5 de maio de 2025, no BOE número 108, o anuncio do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra de información pública relativa á solicitude de concesión do Concello de Vigo para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre para la execución do proxecto «Recuperación ambiental de la playa de O Vao y su entorno-Vigo», que comprende, repetimos, a meirande parte dos terreos afectados polas actuacións contidas na memoria descriptiva do «Proxecto de melloras na rede de saneamento na rúa Canido e contorna». Deste anuncio e dos planos nos que se reflicte o emprazamento dos colectores e do tanque de tormentas que eliminará definitivamente calquera vertido que se produza en situación de choivas intensas deuse traslado a Augas de Galicia con ocasión da presentación das alegacións do Concello de Vigo á iniciación do expediente sancionador

Cuarta.- Augas de Galicia era e é perfecta coñecedora de que: (i) a resolución do problema de que tratamos está necesitado da renovación de centos de metros de tubaxes, así como, e especialmente, da execución de elementos de retención de caudais con ocasión de fortes precipitacións (tanque de tormenta); (ii) de que o concello de Vigo encomendou con carácter prioritario á concesionaria do servizo de augas municipais a redacción do proxecto para resolver o problema; (iii) de que a concesionaria do servizo de augas de Vigo realizou os traballos de campo necesarios para a redacción do proxecto construtivo; (iv) de que a redacción e aprobación do proxecto esta necesitada, ademais dos devanditos traballos de campo, dos informes favorables da Dirección Xeral de Patrimonio, da Dirección Xeral de Urbanismo, de Augas de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas e do Ministerio de Transición Ecolóxica, e, agora, da Xunta de Galicia, tras a entrada en vigor o 19 de maio de 2025 do Real Decreto 394/2025, de 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de ordenación e xestión do litoral, que terá que resolver as alegacións presentadas no trámite de información pública; (v) de que da devandita «Memoria descriptiva de las actuaciones» foi remitida a todos os órganos concernidos da Xunta de Galicia, os cales manifestaron a necesidade de que o documento a informar teña o detalle dun proxecto construtivo; (vi) de que a dita memoria descriptiva foi tamén remitida á Administración do Estado, que dispuxo incluír as



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

obras da «Memoria» no proxecto de «Recuperación ambiental da praia de O Vao e o seu entorno» (vii) e, en fin, de que a decisión que se adopte respecto da concesión do dominio público marítimo-terrestre para este proxecto de «Recuperación ambiental da praia de O Vao e o seu entorno» e para as obras de saneamento incluídas nel, para a solución do problema dos vertidos puntuais que dan orixe ao expediente sancionador, será a que permitirá a redacción do proxecto definitivo que se volverá a someter a informe dos órganos da Xunta de Galicia concernidos por esta actuación.

Quinta.- Esta Administración municipal ven actuando con toda a dilixencia esixible para resolver o problema do vertido puntual que deu lugar aos requirimentos da augas de Galicia e o relato de feitos exposto non permite aceptar o reproche que Augas de Galicia dirixe a este Concello de que o vertido constatouse o 8 de novembro de 2023 e que á data de hoxe, máis dun ano despois, non está corrixido. E non pode aceptarse porque nin con toda a dilixente actuación do Concello poderían estar as obras executadas habida conta das múltiples autorizacións sectoriais necesarias para a aprobación do proxecto: a redacción e execución do proxecto construtivo, que require a solución do problema dos vertidos puntuais que nos ocupan, e ocupación exacta das obras a executar, require ir resolvendo de modo progresivo os condicionantes sectoriais que podan ir apuntando os órganos —actualmente todos da Administración da Comunidade de Galicia— con competencias concorrentes no ámbito espacial afectado polo proxecto.

Sexta.- Tampouco podemos aceptar o reproche de que en ningún momento o Concello solicitou prórroga para atender o requirimento nin expuxo os prazos previstos para a execución das medidas correctoras: Augas de Galicia, como Administración hidráulica de Galicia non pode ignorar nin a entidade das obras a executar para resolver o problema de que tratamos, nin os catro órganos da Xunta de Galicia que teñen que emitir informe en relación coas súas competencias concorrentes sobre o espazo físico no que se desenvolverá o proxecto, nin a necesidade de concesión demanial para a completa execución de obra, nin, en fin, que os prazos para a redacción do proxecto e, daquela, para a execución da obra, dependen tamén dos prazos nos que as Administracións concernidas se pronuncien sobre o proxecto de obras.

Sétima.- A UTE Aqualia-FCC-Vigo, concesionaria do servizo de augas do Concello de Vigo, encargou á empresa SERYE Ingenieros, S.L. a redacción do repetido proxecto construtivo para a mellora do sistema de saneamento de Canido. No informe emitido por esta mercantil, remitido a Augas de Galicia o 23 de xaneiro de 2025, se di que «A día de hoy, 17 de enero de 2025, los trabajos de campo del inventario topográfico de la red se han completado, quedando pendiente los trabajos de gabinete para analizar y dar formato a toda la información recopilada en campo». Doutra parte, o Concello de Vigo comunicara xa a Augas de Galicia, o 19 de setembro de 2024, o avance da alternativa proposta para a solución destes vertidos —a «Memoria descriptiva de las actuaciones»— para recabar as autorizacións sectoriais; avance da alternativa proposta, que foi remitida ao día seguinte á

Dirección Xeral de Patrimonio, á Dirección Xeral de Urbanismo, a Augas de Galicia, ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra e a Axencia Galega de Infraestruturas.

Augas de Galicia considerou que a documentación presentada polo Concello de Vigo o 23 de xaneiro de 2025 supoñía soamente uns traballos previos aos anunciados nas alegacións presentadas o 19 de setembro de 2024, polo que o 27 de xaneiro de 25 requiriu novamente ao Concello para que no prazo de catro meses acreditase perante Augas de Galicia a execución das medidas correctoras anunciadas nas alegacións presentadas en data 19 de setembro de 2024.

Oitava.- Como queira que Augas de Galicia era perfecta coñecedora destes feitos o Concello de Vigo presumiu que o que a Administración hidráulica requeria da Administración municipal era información relevante sobre o estado da tramitación do proxecto, e toda vez que neste prazo soamente se produciran requirimentos dos órganos concernidos da Xunta de Galicia reclamando definición das obras a nivel de proxecto e este estaba todavía pendente da autorización de Costas do Estado, o Concello demorou a contestación a Augas de Galicia ata dispoñer dalgunha información relevante sobre esta última autorización de Costas do Estado.

Publicada o 5 de maio de 2025, no BOE número 108, do anuncio do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra de información pública relativa á solicitude de concesión do Concello de Vigo para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre para la execución do proxecto «Recuperación ambiental de la playa de O Vao y su entorno-Vigo», que incluía as obras do dito «Avance de alternativa», o Concello de Vigo pretendía comunicar a Augas de Galicia o resultado da información pública e a resolución de costas; porén o 6 de xuño —dez días despois do remate do prazo sinalado no último requirimento— a instrutora do expediente formulou proposta de resolución de expediente sancionador por falta de contestación en prazo do mesmo.

Novena.- Nas alegacións ao expediente, comunicouse a Augas de Galicia este último feito, como o requirimentos de maior detalle dos demais órganos da Xunta de Galicia a quen es lle foi remitido o «Avance de alternativa», solicitando o arquivo do expediente; porén a Administración hidráulica persistiu en considerar o prazo de catro meses para que o Concello de Vigo acreditara a terminación da obra como un prazo esencial, transcorrido o cal, sen acreditar a execución das obras ou solicitar novo prazo para acreditalo, procedía a imposición da sanción que recorrimos.

Realmente Augas de Galicia debía de saber que as obras non podían estar rematadas nese prazo porque o proxecto estaba pendente das necesarias autorizacións sectoriais, polo que solo cabía ou que o Concello de Vigo solicitara prórroga, algo que augas de Galicia debería de saber tamén, ou que o Concello de Vigo lle comunicara algún dato de interés para a aprobación do proxecto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

O celo da instructora explicaríase se o concello de Vigo tivera unha actitude renuente para dar cumprimento aos requerimentos da Administración hidráulica, pero o certo é que ante a dilixencia observada pola Administración municipal na solución destes vertidos puntuais o que cabía presumir era que o que procedía comunicar a Augas de Galicia era a produción dalgún feito significativo para a aprobación do proxecto, polo que o Concello demorou a súa contestación, mais alá do prazo do requirimento, dandoa con ocasión da iniciación do expediente sancionador os feitos producidos despois do requirimento, calquera que fose a súa relevancia.

Décima.- Non cabe, tampouco aceptar o reproche de Augas de Galicia de que con ocasión da notificación da proposta de resolución o Concello de Vigo ofrecera nas alegacións á proposta de resolución do expediente sancionador unha xustificación suficiente para non ter contestado en prazo o requirimento.

Décimo primeira.- Polo demais, compre tamén reproducir nesta alzada os argumentos que fundaron as alegacións municipais á proposta de resolución do expediente sancionador:

- A proposta vulnera, entre outros, o artigo 25.1 da CE ao imputar unha infracción inexistente.

O art. 85 k) da Lei 9/2010, considera como falta leve a desobediencia ás ordes ou requirimentos do persoal de Augas de Galicia no exercicio das funcións que ten encomendadas.

Considerando fatuo transcribir a abundante xurisprudencia existente (de sobra coñecida por ese organismo), convén lembrar que para que a desobediencia constituía falta administrativa teñen que darse a fortiori, como requisitos do tipo:

a) A emisión dunha orde por autoridade ou funcionario que implique unha obriga de actuar de determinada forma ou de non actuar.

b) Que non se desenvolva esa orde.

c) O inevitable elemento subxectivo caracterizado polo PROPÓSITO DE INCUMPRIR revelado por manifestacións explícitas ou por unha reiterada ou contumaz actuación contraria, oposta ao cumprimento ou acatamento da orde, sen que se admita a comisión culposa deste ilícito administrativo. É dicir, esixe a xurisprudencia a existencia dunha reiterada e evidente pasividade ao longo do tempo, actitude recalcitrante e obstinada resistencia ao cumprimento da orde. Tamén cualifica o noso Tribunal Constitucional a imposibilidade legal ou material do cumprimento da orde como causa de exclusión do tipo legal.

- Considérase que si algo é incuestionable, indubidable, neste expediente é a vontade deste Concello de cumprir o requirimento dese organismo. Basta ler os feitos da propia proposta para acreditarlo, nela relátanse todas as actuacións cronoloxicamente realizadas por este Concello (non procede repetilas aquí). Esta actuación do Concello demostra a súa inequívoca vontade de cumprir o requirimento, actuacións que, sendo benévolos, digamos que casa mal con esa actitude recalcitrante e obstinada resistencia que exige o tipo, o que demostra que non concorre o preceptivo elemento subxectivo do mesmo conforme ao exixido pola xurisprudencia (referido na anterior alegación).

Ademais o tipo nace pola desobediencia a unha determinada orde, neste caso a orde é (foi) executar accións correctoras, e a pregunta é, adoptáronse ou non se adoptaron? e a resposta é que se adoptaron, aínda non se finalizaron, por falta de tempo material, na data 24/06/25 porque este Concello, como calquera administración pública, está sometido a un procedemento (principio de legalidade) sin que se lle poda exixir “algo” que o vulnere.

- Pero aínda hai máis, como xa se dixo, tamén nos lembra o noso Tribunal Constitucional que NON PODE HABER DESOBEDIENCIA SI EXISTE UNHA IMPOSIBILIDADE MATERIAL DE CUMPRIR A ORDE (conclusión que se pode cualificar de elemental).

Sobre esta imposibilidade material o presente supón a súa constatación práctica. Non pode someter unha administración (aínda que solo sexa por básicos postulados da lealdade institucional) a cumprir unha orde nun prazo a sabendas que nese prazo é imposible executala. Esa administración con total seguridade sabe que a actuación que require está sometida, insístese, a un inescusable procedemento (agás arbitrariedade, claro), procedemento sometido a uns prazos que non pode obviar, incluso, neste caso, está sometida a un preceptivo informe de autorización dese organismo, e este Concello, cumprindo a legalidade, acatando o requirimento, realizou as actuacións someténdose ás normas procedimentais (ius cogens), o contrario levaría a súa actuación á súa nulidade absoluta. Esta preceptiva actuación, conforme ás normas procedimentais aplicables, está relatada nos escritos do concello de datas 19/09/24, 23/01/25 e 24/06/25.

Outorga por esa administración, aleatoriamente, sen fundamentación algunha, un prazo de catro meses para a execución das medidas correctoras anunciadas, prazo no que é imposible material e formalmente realizalas, e desa imposibilidade non pode colixirse a comisión desa infracción.

É mais, como advertiu expresamente este Concello, a actuación exige medidas complexas, sometidas, incluso, á aprobación doutras administracións, e, cos debidos respectos, vulnera principios básicos de lealdade institucional entre administracións públicas (art. 109.1 LPAC); derivar, desta indiscutible vontade de cumprir a orde (cuxo contido, reitérase, non é non dar resposta senón evitar definitivamente uns alivios que se producen só cando hai fortes chuvias) unha comisión dunha infracción dolosa (non é posible a comisión culposa) de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

desobediencia por non responder a un requirimento, no que a resposta pode ser tan sinxela como estase a tramitar, non se admite no noso sistema legal.

Décimo terceira.- Por último, procede insistir en que a actuación de Augas de Galicia na imposición da sanción que recurrimos adolece dun exceso de celo contrario ao principio da boa fe, que raia no abuso do Dereito e non se compadece cos principios de colaboración y lealtade institucional que deben rexir as relacións interadministrativas.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Interpoñer recurso de alzada, perante a Presidencia de Augas de Galicia, contra a resolución do director de Augas de Galicia, de data 21 de xullo de 2025, que resolve o expediente sancionador DH.D36.97006, por desatención do Concello de Vigo a requirimento de Augas de Galicia en materia de vertidos na illa de Toralla e se declara ao Concello de Vigo responsable da comisión dunha infracción de carácter leve, tipificada no art. 85 k) da Lei 9/2010, impoñéndolle unha sanción de 500 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programa de promoción das mulleres do ano 2025. Expte. 13676/224.

- .- Declaración de deserto do expediente de contratación do servizo do “Programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade. Enlazavigo contra a violencia de xénero”. Expte. 13658/224.
- .- Declaración de deserto do expediente de contratación do "Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero". Expte. 13659/224.
- .- Expediente de contratación da adquisición de material e aluguer de maquinaria para obras a desenvolver nos anos 2025 e 2026 nos colexios públicos de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do plan municipal de inserción laboral "Vigo emprega". Expte. 99026/332.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

20(657).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMA DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2025. EXPTE. 13676/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 20/07/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/07/2025, asinado pola xefa do servizo de Igualdade e a asesora xurídica do servizo de Igualdade, e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 25 de abril de 2025 aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

A cantidade máxima destinada a esta liña de subvencións é de 91.500,00 € (noventa e un mil cincocentos euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*”.

A convocatoria e as bases de estas subvencións publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Así mesmo, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra os días 02/05/2025 (BOPPO núm. 82) e 08/05/2025 (BOPPO núm. 86), respectivamente. O prazo para presentar solicitudes comezou o 9 de maio e rematou o 22 de maio de 2025.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 49 entidades a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a base décimo primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

O Servizo de Igualdade, como órgano instructor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes presentadas, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta e/ou incorrecta. Todas as entidades achegaron a documentación requirida excepto 2 entidades (Fundación Sálvora. Entidade Galega de Apoio na Toma de Decisións das Persoas con Discapacidade, CIF G36733046, e Asociación Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención, CIF G36938272). Segundo o establecido na base sétima da convocatoria, a avaliación das solicitudes determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes conforme ao estipulado na base quinta.

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria e por programa de 3.000 € (apartado 3 da base oitava), as entidades solicitantes acreditaron estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV que acompañaba á solicitude).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por dona Ana Laura Iglesias González, concelleira delegada de Igualdade e Comercio que actuou como presidenta, dona Ana Kowalski Bianchi, asesora xurídica do Servizo de Igualdade, e dona Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade, que ademais actuou como secretaria. A Comisión constituíuse o día 14 de xullo de 2025 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios sinalados na base sétima da convocatoria (incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e dúas táboas: unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos programas segundo os criterios de avaliación e a puntuación total, o reparto

dos remanentes e o importe das axudas propostas, e unha táboa co resumo das contías propostas para a súa concesión).

Das 49 solicitudes presentadas, sete entidades son propostas para a denegación das súas solicitudes polos seguintes motivos: 1 entidade presentou escrito de desistencia expresa da súa solicitude, 1 entidade non atendeu ao requirimento de emenda que se lle notificou, 1 entidade non estaba inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións na data en que presentou a súa solicitude (apartado 1.b) da base quinta das Bases reguladoras da convocatoria), e 4 entidades por considerar a Comisión de Avaliación que non son conformes coas bases reguladoras do programa (apartados 2.d) e 2.e) da base quinta) e as restantes 42 entidades solicitantes son propostas para concesión de subvención.

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que, da información que obra no poder do Servizo de Igualdade, se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das Bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* 2311 4890000 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, as subvencións propostas ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos programas desenvolvidos ao abeiro do “Programa específico de subvencións do Servizo de Igualdade para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2025”, por un importe total de noventa e un mil catrocentos noventa e nove euros con noventa e seis céntimos (91.499,96 €), constando no anexo I, que se incorpora, a relación de entidades, programas e contías das axudas solicitadas e das subvencións concedidas.

2º.- Denegar a concesión de subvención ás solicitudes presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, polos motivos que se indican a continuación:

a) Por desistencia expresa da súa solicitude, conforme ao artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- **Fundación Sálvora. Entidade Galega de Apoio na Toma de Decisións das Persoas con Discapacidade, CIF G36733046, programa *Mulleres e discapacidade: Facendo comunidade coa comunidade*, expte. núm. 13775-224, que, con data de entrada no Rexistro xeral do Concello do 14/07/2025 e número de documento 250183353, presenta escrito de desistencia da súa solicitude.**

b) Por desistencia tácita da súa solicitude, ao non atender ao requirimento de emenda enviado polo Servizo de Igualdade, conforme ao artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

- Asociación Niños con Hiperactividad y Déficit de Atención, CIF G36938272, programa *Psicodrama para mulleres con TDAH e mulleres familiares dun TDAH*, expte. núm. 13738-224, por non responder ao requirimento do 23/06/2025.

c) Por non atoparse debidamente inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude (apartado 1.b) da base quinta das Bases reguladoras da convocatoria):

- Caracatus Asoc. Sociocultural de Acompañamento e Intervención ás Familias, CIF G75587303, expte núm. 13776-224, que presenta a súa solicitude o día 21/05/2025 para o programa *Coñécete: Explórate: Programa Formativo De Autoexploración Mamaria*. Segundo informe do Servizo de Participación Cidadá de data 06/06/2025, documento número 250128715, incorporado ao expte. 13676-224, esta entidade está formalmente inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións desde o 05/06/2025.

d) Porque, a xuízo da Comisión de Valoración, tal e como queda reflectido na acta de valoración de data 14 de xullo de 2025, trátase de programas que, para a mesma finalidade, foron solicitados noutras Áreas ou Servizos do Concello de Vigo (apartado 2.d) da base quinta) e/ou que teñen unha relación e canle máis específica de axuda noutras Áreas do Concello de Vigo ou que a totalidade ou parte do seu obxecto está incluído nalgún convenio de colaboración ou contrato co Concello de Vigo (apartado 2.e) da base quinta):

- Down Vigo. Asociación para el Síndrome de Down, CIF G36697324, expte. núm. 13728-224, programa *Mulleres na aula ECA*.
- AFAGA. Asociación de familiares de enfermas/os de Alzheimer y otras demencias de Galicia, CIF G36776920, expte. núm. 13733-224, programa *Grupo de axuda mutua a mulleres coidadoras de persoas con demencia*.
- AECC. Asociación Española contra el Cáncer, CIF G28197564, expte. núm. 13765-224, programa *Coidadoras visíbeis: igualdade e recoñecemento das mulleres coidadoras de persoas con cancro*.
- Asociación Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo, CIF G36928646, expte. núm. 13.784-224, programa *Consciencia e recreo emocional, curso de benestar e autoliderazgo*.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

4º.- Notificar o acordo ás entidades interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I. ENTIDADES, PROGRAMAS, CONTÍAS SOLICITADAS E CONTÍAS CONCEDIDAS

EXPTE.	CIF	ENTIDADE BENEFICIARIA	NOME DO PROGRAMA	Puntuación	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
13726	G36648608	ASOC. VECIÑAL DE CONSUMIDORES E USUARIOS E CULTURAL EMILIO CRESPO DE NAVIA	OBRADOIRO DE ORIENTACIÓN LABORAL PARA MULLERES	21	967,28 €	967,28 €
13729	G36648988	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIÁNS	CERÁMICA DE INICIACIÓN VIII	15	1.200,00 €	1.200,00 €
13731	G27727593	ASOCIACIÓN ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	MULLERES VIGO-ACTIVAS 2025	25	3.000,00 €	3.000,00 €
13734	G36861078	FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN	PROXECTO OLIMPIA	33	1.583,00 €	1.583,00 €
13735	G15220577	ASOCIACIÓN GALLEGA DE HEMOFILIA	IGUALHEMOS 2025: XORNADA FORMATIVA PARA MULLERES CON COAGULOPATÍAS	21	575,84 €	575,84 €
13736	G36659894	ASOCIACIÓN VECIÑAL SAN ROQUE	MANTER EN FORMA O ESTADO FÍSICO E MENTAL (PILATES)	16	3.000,00 €	1.940,86 €
13737	G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	XI XORNADAS DIVULGATIVAS SOBRE O PAPEL DA MULLER NO SECTOR PESQUEIRO E CONSERVEIRO	29	1.500,00 €	1.500,00 €
13748	G36622835	ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE VIGO	O PESO INVISIBLE DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO: FALEMOS DE VIOLENCIAS MACHISTAS	30	580,00 €	580,00 €
13750	G36706927	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA CIG	PARAMOS PARA MUDAR GALIZA: O FEMINISMO DE CLASE NAS FOLGAS DO 8M	36	3.000,00 €	3.000,00 €
13751	G36895993	ASOCIACIÓN CULTURAL TRIANA DE VIGO	CURSO DE CANTO TRADICIONAL GALEGO	18	1.650,00 €	1.650,00 €
13752	G36964757	ASOCIACIÓN DE MUJERES VIUDAS DEMÓCRATAS EUROPEAS DE VIGO	CURSO DE PILATES	16	750,00 €	750,00 €
13753	G27832856	ASOCIACIÓN CULTURAL DA VILA DE BOUZAS	ELAS, AS DE BOUZAS (3ª EDICIÓN)	23	435,24 €	435,24 €
13754	G27826999	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	XORNADA "SOLTANDO AMARRAS"	36	3.000,00 €	3.000,00 €
13755	G36998896	FUNDACIÓN CLUSTER CONSERVACIÓN PRODUCTOS DEL MAR	XI XORNADAS DIVULGATIVAS SOBRE O PAPEL DA MULLER NO SECTOR PESQUEIRO E CONSERVEIRO	29	1.500,00 €	1.500,00 €
13756	G36820637	ASOCIACIÓN GALLEGA AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO	CURSO DE PANDEIRETEIRAS 2024-2025	18	2.329,42 €	2.183,46 €
13757	G36649325	ASOC. VECIÑAL DE SAN PEDRO DE SÁRDOMA O CARBALLLO	CONVIVIR EN IGUALDADE	35	3.000,00 €	3.000,00 €
13758	G36817385	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	COIDADOS E MASCULINIDADES: UN PASO DECISIVO PARA A IGUALDADE	23	2.438,54 €	2.438,54 €
13759	G36691855	ASOC. VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMÁNS	FACÉMOLO NÓS	18	700,00 €	700,00 €
13760	G27852755	ASOC. SOCIOCULTURAL AS DA INDUSTRIA	FEMINISMO AS DA INDUSTRIA 2025	32	3.000,00 €	3.000,00 €
13761	G36619468	ASOC. DE MUJERES DORNA DE LA PARROQUIA DEL CRISTO DE LA VICTORIA	CURSO "VIVIR EN IGUALDADE"	40	3.000,00 €	3.000,00 €
13766	V36658680	CENTRO RECREATIVO Y CULTURAL DE CABRAL VIGO	RESTAURACIÓN E DECORACIÓN DO MOBLE	26	2.832,00 €	2.832,00 €
13767	G36729796	ASOCIACIÓN VECIÑAL DA FEIRA DE CABRAL	CURSO "VIVIR EN IGUALDADE"	33	3.000,00 €	3.000,00 €
13768	G36709004	ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUTOR FLEMING	SAÚDE E MULLER 2025	18	3.000,00 €	2.183,46 €
13769	G36648996	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVILA	CURSO "VIVIR EN IGUALDADE"	33	3.000,00 €	3.000,00 €

ANEXO I. ENTIDADES, PROGRAMAS, CONTÍAS SOLICITADAS E CONTÍAS CONCEDIDAS (continuación)

EXPTE.	CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntuación	Contía solicitada	CONTÍA CONCEDIDA
13770	G36802536	ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA AYUVI	PROGRAMA NÓS. EMPODERAMENTO, AUTOCOIIDADO E AMOR PROPIO	15	1.700,00 €	1.700,00 €
13771	G36624120	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	TECENDO REDES	31	3.000,00 €	3.000,00 €
13772	G36684991	ASOC. VECIÑAL AS FONTES DE LAVADORES	CURSO "VIVIR EN IGUALDADE"	33	3.000,00 €	3.000,00 €
13773	G56818164	ASOCIACIÓN CULTURAL LAR DE SOPAS	AVOAS COIDADORAS E VECIÑANZA	29	3.000,00 €	3.000,00 €
13774	G36654036	ASOC. VECIÑAL DE SAN PEDRO DE MÁTAMA A UNIÓN	INTELIXENCIA EMOCIONAL APLICADA AO NOSO DÍA A DÍA	24	1.650,00 €	1.650,00 €
13777	G36654184	ASOCIACIÓN VECIÑAL SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA O FREIXO VALLADARES	PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE EN FREIXO 2025	19	3.000,00 €	2.304,76 €
13778	G81454969	FUNDACIÓN AMIGÓ	ACOMPANANDO	36	3.000,00 €	3.000,00 €
13779	G36662971	ASOCIACIÓN DE MULLERES LÚA	SEGUIMOS TRABALLANDO DE CARA A MELLO-RAR A NOSA CALIDADE DE VIDA	21	2.300,00 €	2.300,00 €
13780	G27746486	ASOCIACIÓN XARUMA	ESPAZO NÓS MESMAS: SEMENTES DE COIDADO, RAÍCES QUE FALAN	25	3.000,00 €	3.000,00 €
13781	G36380301	ASOC. DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA E XINE-COLÓXICO	PROMOCIÓN DA SAÚDE NAS MULLERES DIAG-NOSTICADAS DE CANCRO 2025	29	3.000,00 €	3.000,00 €
13783	G04965679	ASOCIACIÓN AS DA BOUZA	MULLERES, ARTES E OFICIOS TRADICIONAIS	24	3.000,00 €	2.911,27 €
13785	G15103112	SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA	ENCONTRO SINDICAL DA MULLER: TRABALLAR SEGURAS E LIBRES DE ACOSO E DISCRIMINA-CIÓN	43	3.000,00 €	3.000,00 €
13786	G27771195	ASOCIACIÓN VECIÑAL NOVO VIGO	O SESGO DE XÉNERO NAS NEURODIVERXEN-CIAS E COMO ATENDER Á DIVERSIDADE	23	440,00 €	440,00 €
13787	G36632081	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE BEADE AVCU-CSCR	TALLER "A ARTE DA FLOR"	14	1.079,52 €	1.079,52 €
13788	G36617082	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATI-VO VALLADARES	"TÉÑAMOS EN CONTA" (CLASES DE MÚSICA PO-PULAR PARA CANTAREIRAS	26	3.000,00 €	3.000,00 €
13789	G15383011	UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA	XXIX ENCONTRO SINDICAL DA MULLER TRABA-LLADORA. POR UN SINDICALISMO FEMINISTA, XUSTO E TRANSFORMADOR	39	3.000,00 €	3.000,00 €
13790	G27739861	ASOC. CULTURAL TRASPÉS	O LEGADO CULTURAL DAS NOSAS INFORMAN-TES	18	3.000,00 €	2.183,46 €
13791	G36633618	ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL, DEPORTIVA E DE CON-SUMIDORES E USUARIOS DE LAVADORES	MULLERES DE LAVADORES: HOXE E SEMPRE	24	3.000,00 €	2.911,27 €

91.499,96 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

21(658).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO “PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO ENTRE A MOCIDADE. ENLAZAVIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”. EXPTE. 13658/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 21/08/2025, que di o seguinte:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade "ENLAZAVIGO contra a violencia de xénero" (13658-224)

Na Plataforma de Contratos do Sector Público consta que XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, SL, presentou a pegada dixital o día 18 de agosto de 2025 as 11:15 horas, máis non consta presentada documentación ningunha. No certificado expedido polo Rexistro Xeral non consta presentada documentación para este procedemento

O prego de cláusulas administrativas que rexe este procedemento regula a presentación das proposicións na cláusula 13. No mesmo establécese que a presentación das proposicións realizarase a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (apartado 5). Para o suposto de que, por razóns técnicas, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, determina que *“obterase un xustificante de presentación da pegada dixital ou resumo correspondente da oferta. Este xustificante ou resumo entregarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes de que remate o prazo de presentación de ofertas. Se a presentación no Rexistro Xeral non fose posible, o xustificante enviarase ao correo de Contratación: contratacion@vigo.org. O licitador, neste suposto, presentará os sobres en soporte electrónico no Rexistro Xeral no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións”*.

No caso que nos ocupa, o licitador non presentou a pegada dixital ou resumo correspondente da oferta antes do remate do prazo de presentación de ofertas, que finalizou o día 19 de agosto de 2025 as 23.59 horas, polo que, non se presentou ningunha proposición a esta licitación dentro do prazo de presentación.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade "ENLAZAVIGO contra a violencia de xénero"

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade "ENLAZAVIGO contra a violencia de xénero" (expediente 13658-224).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 4 de agosto de 2025, rematando o prazo de presentación de ofertas o día 19 de agosto do mesmo mes e ano.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 20 de agosto de 2025, non se presentou ningunha proposición para esta licitación, unicamente consta na Plataforma unha pegada dixital de XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, SL, presentada o día 18 de agosto de agosto de 2025 as 11:15 horas.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 21 de agosto de 2025 acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 LCSP establece que non se poderá declarar deserta unha licitación existindo ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios establecidos nos pregos. A sensu contrario, a non existencia de proposicións admisibles leva á posibilidade de declaración de deserta da licitación.

No presente caso, non existen proposicións admisibles xa que non se presentou ningunha, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 20 de agosto de 2025, o que impide a continuidade da tramitación do procedemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

Segundo.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Cuarto.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero entre a mocidade "ENLAZAVIGO contra a violencia de xénero" (expediente 13658-224) por non terse presentado ningunha proposición.

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(659).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO "PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PARA MENORES FILLOS E FILLAS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO". EXPTE. 13659/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 21/08/2025, que di o seguinte:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de atención psicolóxica para menores fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (13659-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 14 de agosto de 2025 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”* que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes e que será publicado no perfil do contratante.

En base ao precedente informe, a Mesa de Contratación acorda tamén por unanimidade dos/as membros presentes, a exclusión de A CARÓN GABINETE DE PSICOLOGÍA, SLPU e EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22, SL porque tal e como se detalla no informe asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 14 de agosto de 2025, ambas licitadoras inclúen, na documentación do sobre B, información obxecto de valoración segundo os criterios avaliables mediante fórmula do apartado 7.B das FEC e, en virtude da cláusula 14.3.B) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, *“A mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que concurra algunha das seguintes circunstancias (...) A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B das FEC.”* No presente caso, tanto A CARÓN GABINETE DE PSICOLOGÍA, SLPU como EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22, SL inclúen información suficiente *“para desvelar, a lo menos parte da valoración que, por aplicación dos criterios de valoración establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, lle será atribuída á proposición”* (Resolución del TACRC 0377/2024) ao incluír datos que posibilitan o coñecemento da puntuación a outorgar, A CARÓN GABINETE DE PSICOLOGÍA, SLPU, no criterio sobre a maior experiencia laboral (apartado 7.B).3 do Anexo I (FEC) do PCAP) e, EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22, SL, no criterio sobre a maior formación especializada (apartado 7.B).2 do Anexo I (FEC) do PCAP).

En vista do anterior acordo, e tendo en conta que as ofertas de A CARÓN GABINETE DE PSICOLOGÍA, SLPU e EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22, SL eran as únicas ofertas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación, na súa sesión do 21 de agosto de 2025, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación para declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de atención psicolóxica para menores fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (13659-224):

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de atención psicolóxica para menores fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (13659-224)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de xullo de 2025 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de atención psicolóxica para menores fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (13659-224)

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 4 de xullo de 2025, rematando o prazo de presentación de ofertas o 21 do mesmo mes.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 22 de xullo de 2025, durante o prazo de recepción de ofertas, presentaron ofertas os seguintes licitadores:

1. A CARÓN GABINETE DE PSICOLOGÍA, SLP
2. EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22, SL

Cuarto.- En data 24 de xullo de 2025 procedeuse a apertura e cualificación da documentación administrativa pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, que acordou por unanimidade dos/as membros presentes admitir neste procedemento a todos os licitadores *"por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos"*.

Na mesma sesión da Mesa de Contratación procedeuse á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos., e a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Quinto.- Con data 14 de agosto de 2025, a xefa do Servizo de Igualdade, emite informe técnico de valoración da documentación presentada no sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado pola Mesa de Contratación, na súa sesión de data 21 de agosto de 2025.

En base ao referido informe, a Mesa de Contratación acorda, asemade, a exclusión de A CARÓN GABINETE DE PSICOLOGÍA, SLP e EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22, SL por incluír, ambas licitadoras, na documentación do sobre B, información obxecto de valoración segundo os criterios avaliables mediante fórmula do apartado 7.B das FEC e, en virtude da cláusula 14.3.B) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, *"A mesa, en resolución motivada, excluirá da licitación as proposicións nas que concorra algunha das seguintes circunstancias (...) A incorporación a este sobre de información relativa aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B das FEC."*, tal e como se detalla no devandito informe asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 14 de agosto de 2025

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de agosto de 2025 acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que todas as licitadoras admitidas neste procedemento foron excluídas do mesmo por acordo da Mesa de Contratación de data 21 de agosto de 2025, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP, compre declarar deserta esta licitación.

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Terceiro.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo do programa de atención psicolóxica para menores fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (13659-224) por quedar excluídas todas as licitadoras admitidas no mesmo.

Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP.”

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

23(660).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA PARA OBRAS A DESENVOLVER NOS ANOS 2025 E 2026 NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PLAN MUNICIPAL DE INSERCIÓN LABORAL "VIGO EMPREGA". EXPTE. 99026/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 06/08/2025 e o informe de fiscalización do 21/08/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/07/2025, asinado polo técnico de actividades culturais e educativas do servizo de Educación, e conformado pola concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de 12 de xuño de 2025, a concelleira da Área de Goberno de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de subministración para a adquisición de material e aluguer de maquinaria para obras a desenvolver nos anos 2025 e 2026 nos Colexios Públicos de Educación Infantil e Primaria polo persoal beneficiario do Plan Municipal de Inserción Laboral "Vigo Emprega".

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 12/06/2025.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 12/06/2025 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Declaración dos redactores do PPT, asinada pola xefa do Servizo de Educación e polo arquitecto técnico aparelador en data 16/06/2025.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e anexo de data 16/06/2025 redactado pola xefa do Servizo de Educación e polo arquitecto técnico aparelador.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda o 20/06/2025.
- Documentos contables RC 82006, RCFUT 82007 e RCFUT 82010, respectivamente por importes de 38.725,91 €, 174.287,15 € e 6.986,35 €, de data 20/06/2025.
- Memoria Xustificativa asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación o 23/06/2025.
- Informe de 18/07/2025 da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 18/07/2025 redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.
- Anuncio de información previa, publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 21/07/2025.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Adquisición de material e aluguer de maquinaria para a realización de obras de mantemento e conservación nos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes do Servizo de Educación. Mediante este contrato e co persoal beneficiario do Programa Municipal de Inserción Laboral “Vigo Emprega”.

Duración: A duración estimada do contrato será por un período de 16 (dezaseis) meses a partir da formalización do contrato; non se contemplan prórrogas.

Prezo: Estímase un prezo total do contrato de 219.999,39 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230.212.0000 “Reparacións e mantemento edificios dos colexios”, 3230.203.0000 “Aluguer de maquinaria” e bolsas de vinculación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP). A resolución, segundo o artigo 117 da LCSP, deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto da subministración para a adquisición de material e aluguer de maquinaria para obras a desenvolver nos anos 2025 e 2026 nos Colexios Públicos de Educación Infantil e Primaria polo persoal beneficiario do Plan Municipal de Inserción Laboral “Vigo Emprega”.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexo) de data 16/06/2025 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 18/07/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para esta contratación.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 219.999,39 euros (IVE incluído), para a contratación da adquisición de material e aluguer de maquinaria para obras a desenvolver nos anos 2025 e 2026 nos Colexios Públicos de Educación Infantil e Primaria polo persoal beneficio do Plan Municipal de Inserción Laboral “Vigo Emprega”, con cargo á bolsa de vinculación das aplicacións orzamentaria



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1941/1102

3230.212.0000 “Reparacións e mantemento edificios dos colexios” e 3230.203.0000 “Aluguer de maquinaria”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 38.725,91 euros correspondentes ao ano 2025;
- e 181.273,48 euros correspondentes ao ano 2026.

O valor estimado do contrato estipúlase en 181.817,68 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(661).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

PSD/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez